



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	<i>De-I-2</i>	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

PROGRAMACIÓN

DEPARTAMENTO:



FILOSOFÍA-MÍNIMOS

CURSO 2013-14



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	<i>De-I-2</i>	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA e os Dereitos Humanos 2º ESO

A área de *Educación para a Cidadanía na Secundaria Obrigatoria*, como establece o Real Decreto 1631/2006 (BOE de 5 de xaneiro de 2007), comprende as materias *Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos*, que debe cursarse nun dos tres primeiros cursos da etapa, e *Educación Ético-Cívica*, que debe cursarse no cuarto curso. Na nosa Comunidade Autónoma, segundo aparece no Decreto 133/2007 de 5 de xullo (Dog de 13 de xullo de 2007) é materia propia do 2º curso da Secundaria.

A Educación para a cidadanía ten como obxectivo favorecer o desenvolvemento de persoas libres e íntegras a través da consolidación da autoestima, a dignidade persoal, a liberdade e a responsabilidade e a formación de futuros cidadáns con criterio propio, respectuosos, participativos e solidarios, que coñezan os seus dereitos, asuman os seus deberes e desenvolvan hábitos cívicos para que podan exercer a cidadanía de forma eficaz e responsábel. Esta nova materia propónse que a mocidade aprenda a convivir nunha sociedade plural e globalizada na que a cidadanía, ademais dos aspectos civís, políticos e sociais que veu incorporando en etapas históricas anteriores, inclúa como referente a universalidade dos dereitos humanos que, recoñecendo as diferencias, procuran a cohesión social.

Para acadar estes obxectivos profúndase nos principios de ética persoal e social e inclúense, entre outros contidos, os relativos ás relacións humanas e á educación afectivo-emocional, os dereitos, deberes e liberdades que garanten os réximes democráticos, as teorías éticas e os dereitos humanos como referencia universal para a conduta humana, os relativos á superación de conflitos, a igualdade entre homes e mulleres, as características das sociedades actuais, a tolerancia e a aceptación das minorías e das diversas culturas.

Agora ben, estes contidos non se presentan de modo cerrado e definitivo, porque un elemento substancial da educación cívica é a reflexión encamiñada a fortalecer a autonomía de alumnos e alumnas para analizar, valorar e decidir desde a confianza en si mesmos, contribuíndo a que constrúan un pensamento e un proxecto de vida propios. É importante, ademais, que, desde o exercicio da autonomía dos centros, se poidan incorporar en cada momento aqueles elementos puntuais que o Proxecto Educativo de Centro ou a Programación Xeral Anual consideren complementarios ou actualizadores dos contidos contemplados no currículo.

Neste sentido, cómpre desenvolver, xunto aos coñecementos e a reflexión sobre os valores democráticos, os procedementos e as estratexias que favorezan a sensibilización, toma de conciencia e adquisición de actitudes e virtudes cívicas. Para logralo, é imprescindible facer dos centros e das aulas de secundaria lugares modelo de convivencia, nos que se respecten as normas, se fomente a participación na toma de decisións de todos os implicados, se permita o exercicio dos dereitos e se asuman as responsabilidades e os deberes individuais. Espazos, en definitiva, nos que se practique a participación, a aceptación da pluralidade e a valoración da diversidade que axuden aos alumnos e as alumnas a se construír unha conciencia moral e cívica acada coas sociedades democráticas, plurais, complexas e cambiantes nas que vivimos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

De acordo co REAL DECRETO 1631/2006 (E o Decreto 133/2007 da nosa Comunidade autónoma), os criterios de avaliación para a materia *Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos* son os seguintes:



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	<i>De-I-2</i>	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

1. Identificar e rexeitar, a partir da análise de feitos reais ou figurados, as situacións de discriminación cara a persoas de diferente orixe, xénero, ideoloxía, relixión, orientación afectivo-sexual e outras, respectando as diferenzas persoais e mostrando autonomía de criterio.
2. Participar na vida do centro e do contorno e practicar o diálogo para superar os conflitos nas relacións escolares e familiares.
3. Utilizar diferentes fontes de información e considerar as distintas posicións e alternativas existentes nos debates que se susciten sobre problemas e situacións de carácter local ou global.
4. Identificar os principios básicos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a súa evolución, distinguir situacións de violación destes principios e recoñecer e rexeitar as desigualdades de feito e de dereito, en particular as que lles afectan ás mulleres.
5. Recoñecer os principios democráticos e as institucións fundamentais que establecen a Constitución española e os Estatutos de Autonomía e describir a organización, as funcións e a forma de elección dalgúns órganos de goberno municipais, autonómicos e estatais.
6. Identificar os principais servizos públicos que deben garantir as administracións, recoñecer a contribución dos cidadáns e das cidadás no seu mantemento e mostrar, ante situacións da vida cotiá, actitudes cívicas relativas ao coidado do contorno, á seguridade viaria, á protección civil e ao consumo responsable.
7. Identificar algúns dos trazos das sociedades actuais (desigualdade, pluralidade cultural, complexa convivencia urbana, etc.) e desenvolver actitudes responsables que contribúan á súa mellora.
8. Identificar as características da globalización e o papel que desempeñan nela os medios de comunicación, recoñecer as relacións que existen entre a sociedade en que se vive e a vida das persoas doutras partes do mundo.
9. Recoñecer a existencia de conflitos e o papel que desempeñan neles as organizacións internacionais e as forzas de pacificación. Valorar a importancia das leis e da participación humanitaria para paliar as consecuencias dos conflitos.

CONTIDOS E COMPETENCIAS BÁSICAS MÍNIMAS ESIXIBLES.

A) CONTIDOS MÍNIMOS.

Coa aposta metodolóxica que facemos consideramos un obxectivo realista abarcar tres das catro unidades coa fondura desexada. Dando a restante de forma subsidiaria ao servizo da explicación de asuntos concretos que poidan xurdir das outras. A 1ª e a 2ª unidade non son negociables, as outras dúas pódense negociar co grupo.

UNIDADE 1.-

1. Cada ser humano é unha persoa.
2. Coñecerse a si mesmo: aspecto, carácter, concepción do mundo
3. As relacións humanas.
4. Ser cidadán: cidadanía no século XXI
5. Obstáculos para a cidadanía: racismo, xenofobia, homofobia e sexismo.
6. A familia no século XXI: coexistencia de distintos modelos.
7. A discapacidade física e psíquica.
8. A participación cidadá e o compromiso social.

UNIDADE 2.-

1. Historia dos dereitos humanos. A Declaración Universal de 1948.
2. Tres xeracións de dereitos: civís e políticos, económicos e sociais, culturais.
3. Tres tipos de obrigas dos Estados respecto dos dereitos humanos. Respetar, protexer e realizar.



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	<i>De-I-2</i>	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

4. Protección e promoción dos dereitos humanos: ONU, Comisións de ONU e ONGs.
5. Un exemplo de dereito civil: a prohibición da tortura.
6. Un exemplo de dereito social:
o dereito a un nivel de vida adecuado.
7. Os dereitos das mulleres.

UNIDADE 3.-

1. O mundo do século XX ao século XXI.
2. A democracia en España. O Estado autonómico.
3. O Estado do benestar e o gasto público.
4. As desigualdades Norte-Sur.
 - 4.1. Emigración e inmigración no Estado español.
5. Discriminación e integración. Modelos de integración: multicultural, asimilacionista, intercultural.
6. A acción humana e os desastres naturais.
7. Consumo responsable e educación viaria.

UNIDADE 4.-

1. Significados do termo *globalización: TIC, libre comercio e inmigración*.
2. O debate sobre a globalización:
O Estado do benestar e o xiro neoliberal: o Estado do benestar e o xiro neoliberal
3. Globalización e pobreza.
4. Globalización e fluxos migratorios.
5. Diferentes tipos de conflitos no mundo do século XXI.
6. Globalización e TIC.
7. A idea de cidadanía como resposta aos problemas da globalización.


B) COMPETENCIAS BÁSICAS MÍNIMAS.

1. Desenvolver competencias xerais no ámbito persoal e público, en canto á adquisición de habilidades para vivir en sociedade e exercer a cidadanía democrática.
2. Recoñecer os dereitos e deberes contidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos e na Constitución Española.
3. Desenvolver e interiorizar valores como o respecto aos deberes democráticos, a cooperación, a solidariedade, a xustiza, o compromiso.
4. Desenvolver a capacidade de traballo en equipo, a argumentación razoada e a comunicación lingüística.
5. Analizar criticamente a publicidade e facer un uso crítico das diversas fontes de información.

BLOG- AULA VIRTUAL...

En coherencia coa competencia, formulada na lexislación e concretada en diversos momentos desta programación, referida ó tratamento da información e competencia dixital... a "ferramenta" do caderno diario de aula e as correspondentes dixitais que aula virtual nos brinda. Demándase dos alumnos que semana a semana vaian avanzando na reflexión, na recollida da información, na súa ampliación e na estruturación e valoración da mesma... Un curso normal farase semana a semana participando na clase, traballando na casa a través da redacción do caderno, nos traballos e foros da web, facendo actividades, incorporando a información que estime conveniente e superando as probas memorísticas que faremos ó rematar cada asunto ou tema.

Para traballar dese xeito deberemos **coller destreza nas seguintes actividades: lectura e comprensión de textos, formulación de problemas mediante preguntas, redacción de**



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

argumentacións ben construídas, argumentar correctamente...

Pretendemos que autonomamente saiban dar forma a un discurso persoal.

O QUE TEN QUE HABER NOS TRABALLOS E ACTIVIDADES...

As habilidades que van dar valor e sentido ó teu labor nos traballos e actividades aparecen no cadro que ven a continuación. Serán avaliadas e cualificadas coas expresións seguintes:

Non 1, 2	As Veces 3	Si 4, 5
-------------	---------------	------------

Recompila-estrutura información	Aprende os Conceptos	Fai Coñecemento Novo e persoal
1.- Organiza: títulos das preguntas e de cada momento da reflexión. 2.- Comprende: expresa o recollido coas súas palabras 3.- Rexistra correctamente as fontes de tódolos materiais que incorpora	1.- Recolle correctamente os conceptos máis importantes do tema. 2.- Emprega ben eses conceptos nas actividades propias e dos compañeiros 3.- Corrixe os erros ou malos usos dos conceptos sinalados na revisión do profe	1.- Busca e recolle material adicional e ampliacións en aspectos de interese do tema 2.- En cada xornada extrae conclusións, críticas propias e achegas persoais e orixinais 3.- propón problemas e cuestións novas a partir do estudado

Dado o curso iniciado na "Aula Virtual" do noso centro os traballos feitos "en liña" ou que é preciso "subir" á web, así como as probas, cuestionarios e demais actividades da "Aula Virtual" **serán obxecto de avaliación e a consecuente cualificación**. As porcentaxes repartiranse coas correspondentes a actividades de similar natureza en soporte de papel:

Co "día a día do caderno" garantimos o 45 ou 50 % da nota da avaliación - será o mínimo de 25 ou o máximo de 30 en función do traballo - . Coas achegas do alumnado a actividades semellantes no curso correspondente da "Aula virtual" - foros, wikis, bases de datos, traballo continuado con documentos, blog... - garantimos o 20 ou 25 % da nota da avaliación - será o mínimo de 20 ou o máximo de 25 en función do traballo - O resto da cualificación dependerá dos exames - en papel ou na Aula virtual - 30 %. No caso de vir a examinarse na convocatoria extraordinaria de setembro... o exame, proba escrita de carácter memorística será o que conte o 100 % da nota.

*** NOTA IMPORTANTE.-** "Todo traballo escrito elaborado autonomamente polo alumnado - en exercicio da procura de información de varias fontes, da elaboración de argumentos e, en xeral, no desenvolvemento de diversas habilidades - xa sexa en "soporte papel" ou en "soporte dixital", **será avaliado negativamente** (coa cualificación mais baixa que se contempla na lexislación a tal efecto) **no caso de detectarse nos seus contidos frases, parágrafos, apartados... copiados textualmente, ou con lixeiras modificacións, omitindo as chamadas, citas e referencias expresas ás fontes das que se tomaron tales partes do traballo (Cando non o traballo na súa totalidade). De producirse unha reiteración da mesma práctica considerarase cualificada negativamente a materia na convocatoria ordinaria de xuño."**

Queremos que conste aquí este criterio pola gravidade da problemática que se está a xerar coas malas prácticas na internet e a "falsa socialización" da cultura e o coñecemento promovidas



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

dende a propia rede. Malos usos que poñen en grave risco o noso traballo no desenvolvemento de capacidades e habilidades necesarias para acadar os obxectivos propostos.



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	<i>De-I-2</i>	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

EDUCACIÓN ÉTICO-CÍVICA 4º ESO

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. *Recoñecer os sentimentos nas relacións interpersoais e practicar o diálogo nas situacións de conflito. Razoar sobre as motivacións das condutas e eleccións, asumindo as responsabilidades que delas se derivan.*

Con este criterio téntase comprobar que o alumnado identifica e recoñece os seus propios sentimentos, que é quen de se poñer no lugar das outras persoas e emprega o diálogo para superar os conflitos nas súas relacións interpersoais, que razoa as súas eleccións, que identifica aquelas cousas das que é directamente responsable e aquelas nas que comparte algunha clase de responsabilidade colectiva e asume adecuadamente a responsabilidade dos seus actos.

2. *Identificar os eixes sobre os que se constrúe a identidade persoal.*

Mediante este criterio téntase comprobar se as alumnas e os alumnos entenden e aceptan a propia identidade como algo construído e non dado, que é posible redefinir. Trátase tamén de avaliar se son quen de respectar criticamente outras eleccións que configuran outras identidades, mediante o exercicio dunha tolerancia activa.

3. *Diferenciar os trazos básicos que caracterizan a dimensión moral das persoas, recoñecer distintos sistemas de valores e identificar dilemas morais que teñen a súa orixe na aplicación de diferentes paradigmas de valoración.*

Con este criterio preténdese avaliar se o alumnado identifica os distintos trazos que caracterizan a dimensión moral das persoas e aqueles que condicionan o comportamento humano (as normas, a xerarquía de valores, os costumes, etc.), así como se recoñece distintos paradigmas de valoración na orixe dos dilemas morais que se formulan no mundo actual.

4. *Mediante a formulación de dilemas morais sobre cuestións de actualidade, identificar os problemas éticos xerados desde diversas posicións morais e propoñer estratexias para a súa resolución.*

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado identifica as posicións morais que están na orixe de determinados debates éticos do mundo actual. Así mesmo, trátase de valorar se comprende a eficacia do diálogo, fronte ás posturas que o rexeitan por imposible (dogmatismo) ou por innecesario (relativismo), e se presenta unha actitude de tolerancia activa, fronte á intolerancia ou a simple tolerancia pasiva baseada no relativismo ou na indiferenza.

5. *Identificar e explicar adecuadamente as principais teorías éticas.*

Mediante este criterio téntase avaliar o coñecemento dos núcleos conceptuais clave dalgúns dos sistemas éticos occidentais que máis influíron coas súas contribucións conceptuais e coa súa práctica social á conquista e recoñecemento das liberdades e dos dereitos das



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

persoas. Tamén permite valorar a capacidade do alumnado para xulgar, a partir das teorías estudadas, determinadas condutas e situacións da súa vida cotiá.

6. Recoñecer e distinguir as dimensións ética, xurídica e política dos dereitos humanos. Valorar os dereitos humanos como principal referencia ética, en tanto que esixencia mínima de xustiza, manifestando actitudes a favor do exercicio activo e o respecto dos mesmos. Identificar a evolución dos dereitos cívicos, políticos, económicos, sociais e culturais e avaliar as novas reivindicacións en materia de dereitos humanos.

A través deste criterio trátase de comprobar o grao de comprensión dos conceptos clave dos dereitos humanos e a súa valoración crítica do esforzo que supuxeron na historia da humanidade.

7. Comprender e expresar o significado histórico e filosófico da democracia como forma de convivencia social e política e identificar os valores e principios morais nos que se sustenta.

Mediante este criterio preténdese avaliar no alumnado o coñecemento dos procesos de democratización de moitos países, en concreto España, como unha conquista ético-política, se comprende o pluralismo político e moral ao mesmo tempo que coñece os conceptos clave do sistema democrático, como o sistema de eleccións, o pluralismo político ou o goberno da maioría e se recoñece algo valioso nos procesos democráticos en si mesmos á marxe da súa capacidade para lograr o ben común.

8. Valorar, de forma argumentada, a importancia da participación cidadá para o funcionamento das institucións democráticas e da formación da opinión, en base a algún tipo de deliberación, para unha participación responsable.

Con este criterio trátase de comprobar se as alumnas e os alumnos son quen de distinguir entre formas de participación política institucionalizada e non institucionalizada, valorar a importancia da participación cidadá para o funcionamento dos sistemas democráticos e da formación de opinión en base a algún tipo de deliberación, fronte ao seguimento acrítico da opinión difundida polos medios de comunicación, así como a responsabilidade dos poderes públicos cara á cidadanía.

9. Analizar as causas que provocan os principais problemas sociais do mundo actual utilizando de forma crítica a información que proporcionan os medios de comunicación e identificar solucións comprometidas coa defensa de formas de vida máis xustas.

Trátase de comprobar se o alumnado identifica e comprende algunhas das causas que provocan os principais problemas sociais do mundo actual (reparto desigual da riqueza, explotación infantil, emigracións forzadas, etc.) utilizando con precisión e de forma crítica a información obtida dos distintos medios de comunicación, se recoñece a actuación de organismos e institucións comprometidas coa defensa de formas de vida máis xustas e se manifesta actitudes de tolerancia e solidariedade ao aportar solucións.

10. Analizar o camiño percorrido ata o recoñecemento da igualdade de dereitos das mulleres e poñer de manifesto as súas contribucións en todos os campos do saber ao longo da historia e o coidado dos seres humanos. Identificar e rexeitar as causas e factores de discriminación, así



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	<i>De-I-2</i>	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

como as situacións de violencia machista de que son vítimas.

Este criterio serve para comprobar se as alumnas e alumnos recoñecen a igualdade e a dignidade de todas as persoas e os elementos diferenciadores que están na base dalgunhas discriminacións, se identifican as súas contribucións aos diferentes campos do saber e o coidado dos seres humanos, así como os momentos históricos máis relevantes na conquista dos dereitos políticos das mulleres e a igualdade no ámbito familiar e laboral, ao tempo que permite indagar se saben identificar e localizar as situacións de discriminación que aínda sofren nas sociedades actuais e rexeitan activamente a violencia contra as mulleres.

11. Xustificar as propias posicións utilizando sistematicamente a argumentación e o diálogo e participar de forma democrática e cooperativa nas actividades do centro e do contorno.

Mediante este criterio preténdese avaliar o uso acaído da argumentación sobre dilemas e conflitos morais, saber se o alumnado é quen de desvelar os supostos de partida nas propias posicións e nas das outras persoas, de soste un punto de vista propio, de descubrir incoherencias nos procesos de razoamento e de esixir claridade, precisión e pertinencia na argumentación, pero tamén o respecto ás posicións diverxentes dos interlocutores, tanto na aula como no ámbito familiar e social. Por outra parte, trátase de coñecer a maneira e o grao nos que as alumnas e os alumnos participan e cooperan activamente no traballo de grupo e se colaboran co profesorado e as compañeiras e compañeiros nas actividades do centro educativo e noutros ámbitos externos.

12. Recoñecerse membros dunha cidadanía global e comprender a necesidade de compartir uns mínimos morais posibilitadores da convivencia.

Este criterio pretende avaliar a capacidade do alumnado para concibir un futuro mellor e implicarse na súa construción. Pretende comprobar se se dá situado nunha perspectiva intercultural, asumindo a natureza pluralista da nosa sociedade, valorando positivamente as diferenzas culturais, recoñecendo o diálogo entre as culturas como unha posibilidade de enriquecemento mutuo e como o camiño para lograr unha verdadeira integración, así como o establecemento duns valores mínimos compartidos. Trátase, en definitiva, de comprobar se, no seu papel de cidadáns, teñen por referentes aos cidadáns do mundo.

CONTIDOS E COMPETENCIAS BÁSICAS MÍNIMAS ESIXIBLES.

A) CONTIDOS MÍNIMOS.

Coa aposta metodolóxica que facemos consideramos un obxectivo realista abarcar seis das nove unidades coa fondura desexada. Dando as restantes de forma subsidiaria ao servizo da explicación de asuntos concretos que poidan xurdir das outras. A 1ª, 2ª e a 3ª unidade non son negociables, as outras seis pódense negociar co grupo en función da marcha do curso.

UNIDADE 1.-

1. A persoa como un individuo que pensa, sente e actúa na realidade.
2. As dúas dimensións da liberdade humana: liberación dos estímulos e poder de actualizar posibilidades.
3. As tres dimensións da responsabilidade obxectiva: persoal, social e ecolóxica.
4. As dúas dimensións da xustificación: real e de racionalidade moral.



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	<i>De-I-2</i>	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

5. As tres dimensións constitutivas de todo sentimento: cognitiva, valorativa e comportamental.

UNIDADE 2.-

1. A persoa como o froito dun fundamento orgánico aberto e “inacabado” que debe completarse coa incorporación das posibilidades especificamente humanas que proporciona o contexto social, o que a converte nun ser simultaneamente natural, social, histórico e cultural.
2. O coñecemento como logro social, codificado e transmitido lingüisticamente.
3. A liberdade como o froito social da liberación do capricho e da incorporación dun marco social de posibilidades apropiables.
4. A responsabilidade obxectiva e recíproca do individuo e a sociedade na que vive.
5. A necesidade de xustificar moralmente os nosos actos libres e os diversos criterios que a sociedade pon á nosa disposición para facelo.
6. A influencia da sociedade nas tres dimensións dos nosos sentimentos: a cognitiva, a valorativa e a expresiva.

UNIDADE 3.-

1. As éticas do ben como éticas da excelencia humana.
2. Teses básicas e problemas fundamentais do hedonismo, eudemonismo, deontoloxismo kantiano e éticas axiolóxicas.
3. As éticas da xustiza como criterios para establecer as condicións dunha sociedade xusta.
4. Teses básicas e problemas fundamentais do iusnaturalismo, utilitarismo e positivismo.
5. As teorías dialécticas e a súa concepción da xustiza como loita dos oprimidos contra os opresores.
6. As teorías da maximización e a súa concepción da xustiza como as condicións sociais que permiten a maximización dos intereses privados.
7. O neocontractualismo de John Rawls e os seus principios de cidadanía e diferenza.
8. A racionalidade dialóxica de Habermas e a xustiza como o froito do diálogo en condicións de simetría de todos os afectados.
9. As críticas aos dereitos humanos como residuo teolóxico en Peter Sloterdijk.

UNIDADE 4.-

1. A dignidade como principio de prescricividade moral, de lexitimidade e fonte de valores morais, dereitos/deberes e institucións.
2. O valor moral liberdade e os dereitos e deberes que o desenvolven.
3. O valor moral igualdade e os dereitos e deberes que o desenvolven.
4. O valor moral xustiza como principio de equidade, legalidade e solidariedade.
5. A Constitución de 1978 e os valores superiores de liberdade, igualdade e xustiza.
6. A Constitución de 1978 e os seus dereitos e obrigas fundamentais.
7. O Estado social e democrático de dereito na Constitución de 1978.

UNIDADE 5.-

1. Os totalitarismos. Trazos característicos das versións fascista e comunista.
2. Principais antecedentes da democracia moderna.
3. Modelos actuais de democracia: o modelo representativo. Trazos característicos e críticas máis frecuentes.
4. Modelos actuais de democracia: o modelo participativo. Trazos característicos e críticas máis frecuentes.
5. Modelos actuais de democracia: o modelo deliberativo. Trazos característicos e críticas máis frecuentes.



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	<i>De-I-2</i>	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

UNIDADE 6.-

1. Trazos máis importantes do Estado de dereito.
2. O poder lexislativo en España: órganos de representación e funcións máis importantes nos distintos niveis.
3. Mecanismos de control do poder lexislativo.
4. Noción de lei e principais tipos.
5. O poder executivo en España: funcións e principais institucións que o ostentan no ámbito estatal, autonómico e local.
6. Mecanismos de control do poder executivo.
7. O poder xudicial e a organización da xustiza en España de acordo con criterios como a natureza dos asuntos, tipos de tribunais e alcance territorial dos mesmos.
8. O Tribunal Constitucional.
9. Xustiza e castigo: sentido das penas.

UNIDADE 7.-

1. A globalización: ámbitos e factores determinantes.
2. A globalización económica e os seus principais desafíos: deslocalización da produción, regulación efectiva do comercio global, destrución medioambiental e incremento da pobreza e a desigualdade. Posibles medidas resolutivas.
3. A globalización política e os seus principais desafíos: a transformación dos estados nacionais, o hipotético auxe dos nacionalismos excluíntes e os fundamentalismos, a extensión da democracia (argumentos a favor e en contra).
4. A globalización cultural e os seus principais desafíos: diversidade de culturas e integración intercultural. Etnocentrismo e relativismo cultural en relación cos dereitos humanos.
5. Interculturalidade e dereitos humanos. Límites do relativismo cultural.

UNIDADE 8.-

1. Auschwitz como a morte do humano. Singularidade do holocausto e implicacións morais del derivadas: o novo imperativo categórico proposto por Theodor W. Adorno.
2. Noción de guerra: definición cambiante e concepcións históricas do seu sentido.
3. Relación entre guerra e dereito.
4. A guerra xusta: construción histórica do concepto.
5. Posibilidade da guerra xusta no mundo contemporáneo.
6. A paz posible: noción de pacifismo e crítica da guerra desde o pacifismo xurídico.
7. Propostas do pacifismo xurídico para a consecución da paz. Papel dos organismos internacionais no logro da paz.

UNIDADE 9.-

1. Desigualdade e discriminación da muller. Machismo e sexismo como causas de ambas.
2. A loita pola igualdade das mulleres: etapas e situación en España no século xx.
3. Desigualdade real en España e políticas de igualdade.
4. Consecuencias da desigualdade: a violencia contra a muller nas súas diversas ordes.
5. Noción e consecuencias do maltrato.
6. Feminismo da igualdade e da diferenza: trazos característicos.

B) COMPETENCIAS BÁSICAS MÍNIMAS.

1. Desenvolver competencias xerais no ámbito persoal e público, en canto á adquisición de habilidades para vivir en sociedade e exercer a cidadanía democrática.
2. Recoñecer os dereitos e deberes contidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos e na Constitución Española.
3. Desenvolver e interiorizar valores como o respecto aos deberes democráticos, a



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	De-I-2	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

cooperación, a solidariedade, a xustiza, o compromiso.

4. Desenvolver a capacidade de traballo en equipo, a argumentación razoada e a comunicación lingüística.
5. Analizar criticamente a publicidade e facer un uso crítico das diversas fontes de información.

IV. METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS. AVALIACIÓN.

O Real Decreto 1631/2006 e o Decreto 133/2007 da nosa Comunidade autónoma establecen as seguintes habilidades procedimentais como contidos comúns da materia *Ética Cívica*:

1. Exposición de opinións e xuízos propios con argumentos razoados e capacidade para aceptar as opinións dos outros.
2. Práctica do diálogo como estratexia para abordar os conflitos de forma non violenta.
3. Exposición de opinións e xuízos propios con argumentos razoados. Preparación e realización de debates sobre aspectos relevantes da realidade, cunha actitude de compromiso para melloralala.
4. Análise comparativa e avaliación crítica de informacións proporcionadas polos medios de comunicación sobre un mesmo feito ou cuestión de actualidade. No que segue coméntanse diferentes clases de actividades e dánse orientacións xerais sobre como as aplicaremos nas aulas.


A) AS PELÍCULAS

Estamos convencidos de que o traballo con películas é unha estratexia didáctica que pode resultar extraordinariamente efectiva en relación cos obxectivos da materia *Ética Cívica*. Por iso manexaremos unha variada e ampla selección de filmes.

Nalgúns casos, aínda que non sempre, as películas —acompañadas de cadansúas fichas técnicas— completaranse cun cuestionario no que procuraremos avanzar do seguinte modo: intentaremos formular, en primeiro lugar, preguntas de comprensión daquilo que a película relata; preguntas que requiren unha atención por parte do alumno durante o pase do filme. Neste sentido convén considerar os cuestionarios antes de ver a película, para estimular xustamente unha actitude activa e interrogativa ben diferente da actitude ás veces desatenta con que os adolescentes se enfrontan aos medios audiovisuais. Debe notarse, ademais, que frecuentemente a comprensión dunha película require que o alumno vaia máis aló do que conta a película e realice algunhas consultas, de carácter histórico ou sociolóxico, que lle permitan comprender máis cabalmente aquilo que se lle relatou.

Pero comprender non é —ou non soamente é— o obxectivo que perseguimos. E de aquí un segundo aspecto no tratamento que facemos das películas. As que seleccionamos suscitan dilemas morais cuxa resposta non é fácil e que, en todo caso, require afinar na valoración ética. Os alumnos e as alumnas deben argüír e debater para lles dar resposta a eses dilemas morais. E esa é, desde o noso punto de vista, a mellor xustificación do traballo con películas. Estas presentan historias concretas nun medio a que os alumnos están habituados. Pero o concreto de cada historia pon en xogo a necesidade da reflexión valorativa desde os principios da ética cidadá que cada alumno e alumna debe ir construíndo.

Un último comentario. É conveniente seleccionar ao longo do curso dúas ou tres películas coas que se quere traballar e decidir se se van presentar como actividades iniciais ou de apertura de cada unidade ou como actividades conclusivas e de síntese. Tamén pode decidir o profesor non pasar a película enteira e limitarse a algunhas secuencias que considere de especial interese, confiando ao traballo en casa o acabar de ver o filme na súa totalidade. Quizá ao impartir a materia durante varios cursos o profesor prefira ir variando as películas con que vai traballar no canto de repetir as mesmas todos os anos.



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	De-I-2	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

B) OS XOGOS

Para presentar cuestións complexas, nas cales se esixe a valoración ética argumentada, é conveniente situar os alumnos en primeiro lugar en contextos lúdicos nos que se escenifique dalgún xeito a cuestión que se está a traballar. Esa primeira etapa, por suposto, debe prepararse e realizarse con atención. Un xogo non debería ser nunca unha actividade improvisada, senón todo o contrario. Hai que se dar tempo. Cómpre avisar os alumnos de cando se van a realizar os xogos e distribuír os roles que cada un terá que representar. Nalgúns casos fai falta un *atrezzo* ao cal tamén se lle debe prestar a atención debida. Dito doutro xeito, en primeira instancia o xogo ha de resultar valioso en por si: non é un medio polo que hai que pasar o máis rápido posible, senón unha actividade colectiva que pide o esforzo de todos. Só dese xeito o xogo pode cumprir a súa función de os alumnos e as alumnas interiorizaren os dilemas morais implicados en cada proposta lúdica. E só a partir desa interiorización, fundamentada no principio de *poñerse en lugar doutro* vai ser logo posible abrir o debate e a reflexión sobre as cuestións máis conceptuais que se representaron en cada xogo.

C) ANÁLISES DE TEXTOS

A maioría son fragmentos simples, moitas veces de carácter xornalístico, aínda que algúns son textos máis especializados. As posibilidades que ofrece o traballo a partir de textos son múltiples, desde o noso punto de vista. Por medio da súa lectura comprensiva, guiados en ocasións por preguntas, os alumnos e as alumnas poderán adquirir un vocabulario específico sobre o tema desenvolvido, aprender a captar a estrutura dos fragmentos ou a comparar as súas teses principais coas doutros fragmentos xa traballados. A primeira tarefa que debe considerarse en relación aos textos é, xa que logo, a de análise e comprensión.

Mais calquera fragmento sobre o cal se propoñan exercicios non é máis ca o punto de partida para un traballo posterior que, alén da análise, esixe dos alumnos un debate razoado sobre o tema en consideración ou ben un proceso de valoración, reflexión e investigación persoal. Os textos non son, pois, valiosos soamente en por si, senón tamén como catalizadores de actividades de debate e de valoración que, en definitiva, constitúen o principal obxectivo, ao noso entender, de *Educación Ético-cívica*.

CADERNO DIARIO-BLOG...

En coherencia coa competencia, formulada na lexislación e concretada en diversos momentos desta programación, referida ó tratamento da información e competencia dixital... a "ferramenta" do caderno diario de aula ou, se a dotación do centro nolo permite, do blog é idónea. Demándase dos alumnos que semana a semana vaian avanzando na reflexión, na recollida da información, na súa ampliación e na estruturación e valoración da mesma... Un curso normal farase semana a semana participando na clase, traballando na casa a través da redacción do caderno, facendo actividades, incorporando a información que estime conveniente e superando as probas memorísticas que faremos ó rematar cada asunto ou tema.

Para traballar dese xeito deberemos **coller destreza nas seguintes actividades: lectura e comprensión de textos, formulación de problemas mediante preguntas, redacción de argumentacións ben construídas, argumentar correctamente...**

Pretendemos que autonomamente saiban dar forma a un discurso persoal.



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

O QUE TEN QUE HABER NOS TRABALLOS E ACTIVIDADES...

As habilidades que van dar valor e sentido ó teu labor nos traballos e actividades aparecen no cadro que ven a continuación. Serán avaliadas e cualificadas coas expresións seguintes:

Non 1, 2	As Veces 3	Si 4, 5
-------------	---------------	------------

Recompila-estrutura información	Aprende os Conceptos	Fai Coñecemento Novo e persoal
1.- Organiza: títulos das preguntas e de cada momento da reflexión. 2.- Comprende: expresa o recollido coas súas palabras 3.- Rexistra correctamente as fontes de tódolos materiais que incorpora	1.- Recolle correctamente os conceptos máis importantes do tema. 2.- Emprega ben eses conceptos nas actividades propias e dos compañeiros 3.- Corrixe os erros ou malos usos dos conceptos sinalados na revisión do profe	1.- Busca e recolle material adicional e ampliacións en aspectos de interese do tema 2.- En cada xornada extrae conclusións, críticas propias e achegas persoais e orixinais 3.- propón problemas e cuestións novas a partir do estudado

Dado o curso iniciado na “Aula Virtual” do noso centro os traballos feitos “en liña” ou que é preciso “subir” á web, así como as probas, cuestionarios e demais actividades da “Aula Virtual” **serán obxecto de avaliación e a consecuente cualificación**. As porcentaxes repartiranse coas correspondentes a actividades de similar natureza en soporte de papel:

Co “día a día do caderno” garantimos o 45 ou 50 % da nota da avaliación - será o mínimo de 45 ou o máximo de 50 en función do traballo - . Coas achegas do alumnado a actividades semellantes no curso correspondente da “Aula virtual” - foros, wikis, bases de datos, traballo continuado con documentos, blog... - garantimos o 25 ou 30 % da nota da avaliación - será o mínimo de 25 ou o máximo de 30 en función do traballo - O resto da cualificación dependerá dos exames - en papel ou na Aula virtual - 30-35 %. No caso de vir a examinarse na convocatoria extraordinaria de setembro... o exame, proba escrita de carácter memorística será o que conte o 100 % da nota.

*** NOTA IMPORTANTE.-** “Todo traballo escrito elaborado autonomamente polo alumnado - en exercicio da procura de información de varias fontes, da elaboración de argumentos e, en xeral, no desenvolvemento de diversas habilidades - xa sexa en “soporte papel” ou en “soporte dixital”, **será avaliado negativamente** (coa cualificación mais baixa que se contempla na lexislación a tal efecto) **no caso de detectarse nos seus contidos frases, parágrafos, apartados... copiados textualmente, ou con lixeiras modificacións, omitindo as chamadas, citas e referencias expresas ás fontes das que se tomaron tales partes do traballo (Cando non o traballo na súa totalidade). De producirse unha reiteración da mesma práctica considerarase cualificada negativamente a materia na convocatoria ordinaria de xuño.”**

Queremos que conste aquí este criterio pola gravidade da problemática que se está a xerar coas malas prácticas na internet e a “falsa socialización” da cultura e o coñecemento promovidas dende a propia rede. Malos usos que poñen en grave risco o noso traballo no desenvolvemento de capacidades e habilidades necesarias para acadar os obxectivos propostos.



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	<i>De-I-2</i>	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

FILOSOFÍA E CIDADANÍA 1º BACH

Todo proxecto de ensinanza dunha materia está inspirado nunha concepción da mesma que, sempre en coherencia co cadro lexislativo vixente, preside o seu deseño .

Filosofía

Por filosofía entendemos unha reflexión crítica sobre a totalidade de expresións da cultura, a saber, o sistema íntegro das ciencias –formais, naturais e humanas–, das artes, da moral e da política, da relixión e dos saberes instrumentais –esencialmente, tecnoloxía–. Por reflexión crítica entendemos, con perdón da expresión, «descriptivismo transcendental». A filosofía aspira a describir esa experiencia na que todo outro saber ten a súa ancoraxe e, polo mesmo motivo, o seu fundamento e o seu límite. Esta descrición que a filosofía pretende, como toda actividade do coñecemento, ten que aterse a un imperativo ético fundamental: a vontade de verdade. A filosofía debe estar presidida por unha inflexible vontade de verdade, pois só á verdade se debe e só na verdade encontra a súa xustificación. A vontade inflexible de verdade só se pode exercer desde o uso autónomo da razón. Para o labor filosófico é fundamental desenvolverse sen coaccións nin inxerencias de autoridades externas ao pensar mesmo, xa sexa a tradición, o Estado, as igrexas ou a mesma escolástica filosófica vixente –sen dúbida, un dos seus principais inimigos–.

Cidadanía

Por cidadanía entendemos o concepto central dun proxecto ético que, asumindo a dignidade da persoa como principio axiolóxico fundamental, establece un sistema de valores morais, dereitos e deberes fundamentais, un modelo de Estado e un ideal de cidadán democrático que deben articular a convivencia nas sociedades presididas polo que Max Weber chamou o politeísmo axiolóxico dos valores: as sociedades democráticas contemporáneas. O ideal de cidadanía democrática incorpora unha serie de virtudes fundamentais que deben presidir a acción de todo cidadán democrático nos seus dous compromisos fundamentais: o da participación e o da deliberación, é dicir, o da constitución da razón pública. E é aquí onde nos encontramos de novo coa autonomía da razón, porque a razón pública esixe o concurso autónomo da razón de todos os cidadáns . Tal é a esencia deliberativa do procedemento de lexitimación democrática do poder.

Filosofía e cidadanía

Agora ben, a verdade é que a autonomía da razón que o filósofo precisa e reclama para o exercicio da súa actividade filosófica non sempre coincide coa autonomía da razón que o ideal de cidadanía democrática demanda. E é que o primeiro a demanda para si, e o segundo demándaa para todos. Isto explica por que –como podemos facilmente constatar na historia da filosofía, e non necesariamente na historia menos recente– hai filósofos que subscriben con entusiasmo ideoloxías e modelos de Estado que non son o democrático. En efecto, non faltan nin filósofos nin filosofías que abrazaran con entusiasmo institucións políticas que hoxe consideramos atentatorios contra a dignidade humana, desde a xustificación da escravitude por Aristóteles ás afinidades co nazismo de Ernst Jünger ou Carl Schmitt. Que relación hai, pois, entre filosofía e cidadanía –democrática–? En primeiro lugar, que a cidadanía esixe universalizar o que o filósofo goza, ás veces en situación de privilexio. E esta universalización do uso autónomo da razón demanda universalizar aquela disciplina para a que é requisito: demanda universalizar a filosofía, é dicir, incorporala ao sistema de educación pública –do que é exemplo esta materia–. En segundo lugar, a noción de cidadanía é en si mesma unha noción fundada filosoficamente. Do mesmo modo que hai tradicións filosóficas que non recalán na demanda dunha cidadanía democrática, hai as que si o fan, e deben ser coñecidas. Máxime nunha sociedade –e unha materia– que, como a nosa, ten na noción de cidadanía un elemento fundamental das súas condicións de lexitimación. En terceiro lugar, é certo que existe o perigo real de converter as materias de Filosofía e Cidadanía –e tamén as de



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	De-I-2	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

Educación para a cidadanía da ESO– nunha sorte de «catecismo cidadán». Como evitar este risco? Pois a propia filosofía é o remedio. O carácter crítico da filosofía demanda que tamén a exposición da(s) filosofía(s) que fundamenta(n) a noción de cidadanía, como a exposición da noción mesma, sexa crítica. A palabra crítica adquire agora novo significado: crítica é aquí a ponderación de todas as razóns relevantes, tanto das que apoian a tese defendida como das que a intentan refutar. «Crítica» é agora exposición «dia-lóxica» –algo que sempre acompañou á filosofía–, que nunha proposta como a nosa alcanza:

1. OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA

Todos os obxectivos xerais precedentes deben terse presentes ao impartir a materia *Filosofía e cidadanía*; así e todo, e dado o carácter xeral deses obxectivos, abonda aquí con sinalar a súa importancia e o lugar en que poden atoparse. En cambio, os obxectivos xerais da materia que nos ocupa paga a pena citalos por extenso. Tal como aparecen no Decreto 126/2008, do 19 de xuño:

1. Coñecer e identificar as características específicas do ser humano e as dimensións que o configuran, analizando a súa xénese evolutiva e as tensións que xeran: dialéctica natureza/cultura e individuo/sociedade.
2. Comprender e analizar a forma específica de categorización e relación lingüístico-simbólica que os suxeitos humanos establecen co mundo e cos semellantes.
3. Analizar e comprender os elementos e procedementos propios da racionalidade e caracterizar a especificidade do saber filosófico contrastándoo con outros saberes, en especial co científico.
4. Distinguir a dobre dimensión teórica e práctica da filosofía, e comprender as grandes preguntas e problemas filosóficos xerados a partir desta dobre dimensión.
5. Analizar e comprender os fundamentos da acción moral, valorando a autonomía moral como meta ineludible dunha conduta madura e responsable.
6. Coñecer, analizar e valorar os enfoques das teorías éticas fronte á dobre aspiración de felicidade e xustiza na sociedade actual, facendo especial énfase nos esforzos de conciliación de ambas as aspiracións.
7. Comprender as conexións entre moral, dereito e política, partindo da análise do concepto de cidadanía e da súa xénese histórica.
8. Comprender e valorar as raíces éticas da lexitimidade política democrática e, en consecuencia, das institucións do Estado que sobre elas se levanten.
9. Analizar os novos retos da democracia no mundo globalizado actual.
10. Obter información por diversos medios sobre problemas filosóficos, analizándoa e integrándoa, así como adquirir unha bagaxe básica de nocións, conceptos e teorías elaboradas pola filosofía verbo dos citados problemas.
11. Dialogar, debater e argumentar con rigor lóxico e coherencia, respectando as persoas que sosteñen posturas diferentes.
12. Analizar textos referidos ás temáticas desenvoltas no currículo, así como elaborar composicións e traballos escritos sobre elas.
13. Manter un diálogo continuo coa vida real, mediante a aplicación das nocións e conceptos que se van adquirindo ao contorno.
14. Empregar con rigor e propiedade os conceptos e vocabulario específico correspondente, tanto na análise dos problemas como nos debates e exposicións orais e escritas.
15. Desenvolver competencia lectora e hábitos de traballo intelectual.
16. Desenvolver unha competencia social e cidadá baseada nunha actitude crítica, autónoma e responsable ante todo intento de xustificación de desigualdades sociais e ante toda



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

discriminación por sexo, etnia, cultura, crenzas ou características individuais e sociais.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1. Recoller e integrar información a través dos diversos medios acerca dos problemas, conceptos e teorías específicos propostos para cada bloque temático.**
 Con este criterio preténdese comprobar a capacidade para incorporar, procesar e integrar a información, así como avaliar o grao de autonomía que se vai adquirindo ao longo do proceso de aprendizaxe.
- 2. Caracterizar, identificar e expoñer, tanto de forma oral como escrita, os problemas, conceptos e teorías propostos e desenvolvidos en cada un dos bloques temáticos específicos.** Con este criterio trátase de comprobar o nivel de comprensión dos problemas e teorías analizadas e o grao de coñecemento, asimilación e dominio das nocións e conceptos adquiridos sobre eles.
- 3. Ler, analizar e comentar, tanto oralmente como por escrito, textos referidos ás nocións e problemas abordados.**
 Trátase de verificar con este criterio a capacidade para identificar nas fontes e formulacións orixinais os problemas e nocións adquiridos en diferentes momentos do proceso de aprendizaxe, así como avaliar o grao de competencia lectora e doutras destrezas intelectuais básicas como a capacidade de análise (ideas principais/secundarias, supostos/conclusións), síntese (esquemas, mapas conceptuais), estruturación e distribución do discurso, etc.
- 4. Debater e argumentar acerca das cuestións máis problemáticas e controvertibles suscitadas por certos temas, fundamentalmente os éticos e políticos.**
 Con este criterio poderase avaliar a capacidade para facer avances nos procesos de axuste, precisión e flexibilización dos conceptos ao longo do proceso discursivo, así como avaliar o grao de destreza e coherencia argumentativa mantendo o respecto ás diferentes opinións.
- 5. Utilizar un vocabulario técnico específico tanto nas argumentacións como nas exposicións orais e escritas.**
 Este criterio permite avaliar o grao de incorporación significativa do vocabulario técnico introducido e comprobar o nivel de precisión, exactitude e rigor no seu uso tanto oral como escrito.
- 6. Transferir e aplicar as nocións, conceptos e teorías incorporadas á análise da vida real e do propio contorno.**
 Poderase comprobar con este criterio o grao de funcionalidade e significatividade dos conceptos e teorías adquiridas así como o nivel de conciencia asumido acerca da utilidade dos saberes académicos.

CONTIDOS E COMPETENCIAS BÁSICAS MÍNIMAS ESIXIBLES.

A) CONTIDOS MÍNIMOS.

Coa aposta metodolóxica que facemos consideramos un obxectivo realista abarcar catro das once unidades coa fondura desexada - unha correspondente a cada bloque temático de contidos -. Dando as restantes de forma subsidiaria ao servizo da explicación de asuntos concretos que poidan xurdir das outras. A 1ª, 2ª unidades non son negociables, as outras nove pódense negociar co grupo en función da marcha do curso intentando respectar a abordaxe dos catro bloques.



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	De-I-2	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

UNIDADE 1.-

1. A «vontade de verdade» como trazo característico do ser humano e motor da filosofía.
2. As características do saber mítico: irracional, etnocéntrico, normativo...
3. As características do saber filosófico.
4. A filosofía na súa oposición á ciencia, a relixión e a literatura.
5. As coordenadas nas que se encadra o saber filosófico: a experiencia fundamental, a pregunta fundamental, o concepto central, o modo de explicación e o talante desde o que se reflexiona.

UNIDADE 2.-

1. A clasificación das ciencias segundo o seu obxecto e método de coñecemento.
2. As etapas do método experimental: problemas, hipóteses, observación/ experimentación e lei/teoría/paradigma.
3. Os problemas metafísicos da ciencia natural: a identificación entre realidade e cosmos; a intelixibilidade científica do cosmos; a existencia de fenómenos repetibles.
4. Os problemas epistemolóxicos da ciencia natural: a falacia de afirmación do consecuente; a imposibilidade de verificar os enunciados universais e probabilísticos; a imposibilidade de falsear os enunciados probabilísticos e os particulares negativos; o falseamento das teorías científicas en vigor; a obxectividade e universalidade do coñecemento científico.
5. Os problemas éticos da ciencia natural: o compromiso coa verdade; a influencia da economía; os límites na experimentación e a relación entre ciencia, tecnoloxía e progreso.

UNIDADE 3.-

1. O problema da verdade do coñecemento e a súa relación coa certeza.
2. A verdade como autenticidade: a esencia, o ideal e a súa crítica nominalista.
3. A verdade como coherencia lóxica. Características das proposicións analíticas. Os problemas da noción de coherencia. O teorema de Gödel.
4. A verdade como correspondencia. Argumentos a favor e en contra da fiabilidade da percepción. Argumentos a favor e en contra da fiabilidade da intelixencia.
5. A verdade como consenso. Requisitos do consenso. Argumentos a favor e en contra da posibilidade do consenso.
6. A verdade como utilidade. Crítica á noción de obxectividade como ausencia de prexuízos. Argumentos contra a verdade como utilidade.
7. A verdade como cumprimento. Verdade e compromiso existencial. Ten sentido falar da verdade da relixión?

UNIDADE 4.-

1. O problema da verdade lévanos ao problema da realidade.
2. O idealismo.
3. O dualismo.
4. Os principais argumentos para demostrar a existencia de Deus (Anselmo, Tomé de Aquino, Descartes, Pascal, Kant) e as súas obxeccións.
5. As teses fundamentais do ateísmo filosófico (Comte, Fierbach, Marx, Nietzsche, Freud) e as súas obxeccións.
6. O materialismo.
7. O debate contemporáneo entre materialismo científico e relixión.

UNIDADE 5.-

1. O natural como o oposto ao sobrenatural, ao artificial, ao accidental e ao aprendido.
2. O cultural como a totalidade de ingredientes da cultura e/ou aqueles que establecen un canon de excelencia.



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	<i>De-I-2</i>	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

3. Os trazos biolóxicos da filoxénese: bipedestación, polgar opoñible, neotenia e plasticidade biolóxica.
4. Os trazos culturais da filoxénese: linguaxe, vivenda e vestido, a domesticación, o lume, a agricultura. As funcións política, económica e cultural da especie humana.
5. Liberdade, responsabilidade –por acción e omisión de min mesmo, dos demais e do medio– e xustificación.
6. O ecoloxismo, o feminismo –da igualdade e da diferenza– e os seus debates internos.

UNIDADE 6.-

1. A linguaxe humana, sistema de signos con dobre articulación, canal, creatividade, convencionalidade, desprazamento, interlocución e autorreferencia.
2. Arte grega: a beleza obxectiva e transcendental. A arte como mimese. A moral do respecto ás regras da orde natural.
3. Arte cristiá. Deus e a beleza. O problema da iconoclastia. Arte e virtude cristiás.
4. Arte neoclásica. As regras do bo gusto. A moral dos costumes racionais.
5. Arte romántica: o sublime; o xenio, a arte e a transgresión.
6. A arte contemporánea: características e riscos.

UNIDADE 7.-

1. Dimensións do ser humano: física, biolóxica, psicolóxica, cultural e persoal.
2. A antropoloxía filosófica e as súas funcións crítico-dialéctica, teórico-interpretativa e utópico-creadora.
3. A etoloxía comparada, a sociobioloxía e a antropoloxía cultural: fundamentos e obxeccións.
4. A neurociencia: fundamentos e obxeccións.
5. O problema do sentido da existencia, en que consiste e cando se formula.
6. Relación entre progreso e historia: a) repetición; b) decadencia; c) progreso inevitable; d) historia aberta.

UNIDADE 8.-

1. Liberdade –negativa e positiva–, responsabilidade –por acción e omisión de min mesmo, do medio e dos demais–, xustificación –dimensión argumental e estrutural– e conciencia.
2. Os sentimentos e a vida moral: perigos e orientacións para a súa educación.
3. Liberdade e sociedade: promoción e limitación por coerción e discriminación.
4. Criterios sociais de xustificación moral: vontade de Deus, individual e colectiva, natureza e tradición.
5. Diferenciación entre éticas do ben e éticas da xustiza.
6. Características e problemas fundamentais das principais éticas do ben: hedonismo, eudemonismo–aristotélico e cristián–, deontoloxismo e axioloxía.

UNIDADE 9.-

1. Xustiza como legalidade e como lexitimidade.
2. O iusnaturalismo.
3. O utilitarismo e a xustiza como a felicidade do maior número.
4. As filosofías dialécticas e a xustiza como conquista do oprimido.
5. Dignidade, dereito e xustiza na Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948.
6. O positivismo e a xustiza como legalidade.
7. As teorías da maximización e a xustiza como o marco normativo que garante as mellores condicións sociais posibles para a consecución dos meus intereses.
8. John Rawls e os principios da xustiza: principio de cidadanía e principio de imparcialidade.
9. Jürgen Habermas e a xustiza como froito dun diálogo sen coercións entre todos os afectados.



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	<i>De-I-2</i>	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

10. A racionalidade anamnética e a xustiza como reparación.
11. Os críticos dos dereitos humanos: os dereitos humanos como un residuo teolóxico do que, por impoñer responsabilidades inasumibles, debemos liberarnos en prol dun hedonismo ilustrado.

UNIDADE 10.-

1. Conceptos de sociedade e Estado.
2. Platón e o pensar utópico. As tres funcións da utopía.
3. A nova concepción da política e a historia en Agustín: cidade celeste e cidade terrestre.
4. Maquiavelo e o nacemento teórico da razón de Estado. A política como ciencia que describe os procedementos de conquista e mantemento do poder.
5. O contractualismo en Hobbes e Rousseau.
6. Crítica fascista ao liberalismo democrático. Trazos fundamentais do fascismo. Fascismo e terror totalitario.
7. Crítica comunista ao liberalismo democrático. Trazos fundamentais do comunismo. Comunismo e terror totalitario.
8. A negación anarquista do estado. Anarquismo e autoxestión.
9. Bloch, a inevitabilidade teórica da teoría e a súa evitabilidade práctica.
10. Popper e a crítica aos utopismos. Sociedade pechada e sociedade aberta. Tres erros do utopismo. Revolución ou reforma.
11. Democracia representativa, participativa e deliberativa.

UNIDADE 11.-

1. A dignidade inalienable da persoa, principio de prescricividade moral, de lexitimación, e fonte de valores morais, dereitos/deberes e institucións.
2. O valor moral liberdade como soberanía sobre a propia vida.
3. O valor moral igualdade como igualdade na liberdade á marxe da lotería natural/social.
4. O valor moral solidariedade como corresponsabilidade e esixencia de recoñecemento recíproco da dignidade.
5. Os dereitos que regulan a liberdade e a igualdade nos ámbitos político, económico e privado.
6. Os dereitos de solidariedade nos tres eixes do tempo.
7. O ESDD como Estado democrático: soberanía popular, separación de poderes, imperio da lei e constitución da razón pública.
8. O ESDD como Estado social: a función social da propiedade, tributación obrigatoria, institucionalización do conflito de intereses, dereitos e deberes sociais.
9. O ESDD e o seu sistema penal.
10. Críticas neoliberais, de «esquerdas» e relativistas e o ESDD. Resposta ás críticas.
11. Retos que debe afrontar o ESDD.

B) COMPETENCIAS BÁSICAS MÍNIMAS.

1. Tratamento e análise crítica da información pertinente para os problemas tratados, que se obterá por diferentes medios, incluídas as novas tecnoloxías da información e da comunicación.
2. Análises e comentarios de textos filosóficos, así como outros de tipo científico, literario, xurídico, político, sociolóxico, artístico, etc. que permitan comprender e afondar nos problemas tratados.
3. Práctica da reflexión, debate e argumentación dialóxica rigorosa e coherente, empregando os esquemas e procedementos achegados pola lóxica e a teoría da argumentación, mantendo actitudes respectuosas coas persoas discrepantes.



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	De-I-2	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

4. Exercicios de transferencia das nocións adquiridas a situacións do contorno e á vida real.
5. Uso dun vocabulario técnico e filosófico axeitado de carácter básico, tanto nas análises de textos coma nos debates e exposicións orais e escritas.

IV. METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS. AVALIACIÓN.

Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece orientacións metodolóxicas coa fin de potenciar e consolidar as competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte das alumnas e dos alumnos, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, comunicación e empatía intelectual e emocional.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirido sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Ofrecerlles ás alumnas e aos alumnos instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.

A) AS PELÍCULAS

Estamos convencidos de que o traballo con películas é unha estratexia didáctica que pode resultar extraordinariamente efectiva en relación cos obxectivos da materia *Filosofía e cidadanía*. Por iso manexaremos unha variada e ampla selección de filmes.

Nalgúns casos, aínda que non sempre, as películas —acompañadas de cadansúas fichas técnicas— completaranse cun cuestionario no que procuraremos avanzar do seguinte modo: intentaremos formular, en primeiro lugar, preguntas de comprensión daquilo que a película relata; preguntas que requiren unha atención por parte do alumno durante o pase do filme. Neste sentido convén considerar os cuestionarios antes de ver a película, para estimular xustamente unha actitude activa e interrogativa ben diferente da actitude ás veces desatenta con que os adolescentes se enfrontan aos medios audiovisuais. Debe notarse, ademais, que frecuentemente a comprensión dunha película require que o alumno vaia máis aló do que conta a película e realice algunhas consultas, de carácter histórico ou sociolóxico, que lle permitan comprender máis cabalmente aquilo que se lle relatou.

Pero comprender non é —ou non soamente é— o obxectivo que perseguimos. E de aquí un segundo aspecto no tratamento que facemos das películas. As que seleccionamos suscitan dilemas morais cuxa resposta non é fácil e que, en todo caso, require afinar na valoración ética. Os alumnos e as alumnas deben argüír e debater para lles dar resposta a eses dilemas morais. E esa é, desde o noso punto de vista, a mellor xustificación do traballo con películas. Estas presentan historias concretas nun medio a que os alumnos están habituados. Pero o concreto de cada historia pon en xogo a necesidade da reflexión valorativa desde os principios da ética cidadá que cada alumno e alumna debe ir construíndo.

Un último comentario. É conveniente seleccionar ao longo do curso dúas ou tres películas coas que se quere traballar e decidir se se van presentar como actividades iniciais ou de apertura de cada unidade ou como actividades conclusivas e de síntese. Tamén pode decidir o profesor non



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

pasar a película enteira e limitarse a algunhas secuencias que considere de especial interese, confiando ao traballo en casa o acabar de ver o filme na súa totalidade. Quizá ao impartir a materia durante varios cursos o profesor prefira ir variando as películas con que vai traballar no canto de repetir as mesmas todos os anos.

C) ANÁLISES DE TEXTOS

A maioría son fragmentos simples, moitas veces de carácter xornalístico, aínda que algúns son textos máis especializados. As posibilidades que ofrece o traballo a partir de textos son múltiples, desde o noso punto de vista. Por medio da súa lectura comprensiva, guiados en ocasións por preguntas, os alumnos e as alumnas poderán adquirir un vocabulario específico sobre o tema desenvolvido, aprender a captar a estrutura dos fragmentos ou a comparar as súas teses principais coas doutros fragmentos xa traballados. A primeira tarefa que debe considerarse en relación aos textos é, xa que logo, a de análise e comprensión.

Mais calquera fragmento sobre o cal se propoñan exercicios non é máis ca o punto de partida para un traballo posterior que, alén da análise, esixe dos alumnos un debate razoado sobre o tema en consideración ou ben un proceso de valoración, reflexión e investigación persoal. Os textos non son, pois, valiosos soamente en por si, senón tamén como catalizadores de actividades de debate e de valoración que, en definitiva, constitúen o principal obxectivo, ao noso entender, de Filosofía e Cidadanía

D) AVALIACIÓN.-

Propoñeranse sistemas abertos e flexibles para unha avaliación continúa, centrados nas actividades de autoavaliación e dirixidos fundamentalmente ó traballo persoal e á participación na dinámica do grupo.

Ademais das destrezas básicas: redacción, ortografía, citas e referencias bibliográficas, elaboración e defensa de argumentos, coidado na presentación... Será obxecto de avaliación o grao de incorporación e asimilación de conceptos, instrumentos e espazos de reflexión na súa aplicación á análise de problemas concretos. Así mesmo, será obxecto de avaliación a actitude do alumnado no desenvolvemento da actividade académica, o seu grao de participación e colaboración na creación dun ambiente de tolerancia e respecto, así como o seu grao de preocupación polos problemas políticos e sociais tratados na aula.

As cualificacións de cada avaliación resultarán de:

- *Traballos escritos a modo de composicións filosóficas sobre temas da unidade correspondente. Será o 50% da nota.*
- *Traballos de elaboración e posta en práctica de debates, orais e por escrito na aula 20%*
- *Proba escrita de carácter memorística sobre os contidos conceptuais da materia 30%*
- *No caso de vir a examinarse na **convocatoria extraordinaria de setembro...** o exame, proba escrita de carácter memorística será o que conte o **100 %** da nota.*

*Nas sesións **semanais de clase** presentaremos e comezaremos a desenvolver cada tema. Normalmente é o momento para familiarizarse cos asuntos e aprender a **formular as grandes cuestións**. Abriremos o camiño. Logo, mediante **actividades**, avanzaremos no noso preguntar e practicaremos aquelas **destrezas necesarias para construír discurso filosófico** – expresándose correctamente, argumentando coherentemente e sendo orixinal -. Tamén será o momento de **comprender, estruturar e aprender a construír os conceptos necesarios** para poder falar do mundo e das reflexións que dende a filosofía se fai sobre el. Lugar fundamental neste nivel terá o **traballo con textos** de autores especializados.*



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

Un curso normal farase semana a semana participando na clase, traballando na casa a través da realización das diferentes actividades propostas e superando as probas memorísticas que faremos ó rematar cada asunto ou tema.

*En conclusións: para traballar dese xeito deberemos **coller destreza nas seguintes actividades: lectura e comprensión de textos, formulación de problemas mediante preguntas, redacción de argumentacións ben construídas, argumentar correctamente...***

Pretendemos que autonomamente saibades dar forma a un discurso filosófico.

*Dado o curso iniciado na "Aula Virtual" do noso centro os traballos feitos "en liña" ou que é preciso "subir" á web, así como as probas, cuestionarios e demais actividades da "Aula Virtual" serán obxecto de **avaliación e a consecuente cualificación**. As porcentaxes repartiranse coas correspondentes a actividades de similar natureza en soporte de papel:*

- ***Composicións filosóficas** sobre temas da unidade correspondente **subidas á aula virtual**. Será o 50% da nota.*
- *Traballos de elaboración e posta en práctica de debates, orais e por escrito **na aula e a través dos foros da aula virtual** 20%*
- *Proba escrita de carácter memorística sobre os contidos conceptuais da materia **na aula ou a través dos recursos da aula virtual** 20%*
- *Participación nos debates sobre problemas e sistemas dos filósofos estudados. 10% da cualificación.*

*No caso de vir a examinarse na **convocatoria extraordinaria de setembro...** o exame, proba escrita de carácter memorística será o que conte o **100 %** da nota.*



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	<i>De-I-2</i>	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

HISTORIA DA FILOSOFÍA 2º BACH

Introdución.

A materia de historia da filosofía retoma a reflexión iniciada polo alumnado coa filosofía e cidadanía, dotándoa dun carácter sistemático e diacrónico. A estreita relación entre estas materias do bacharelato debe manifestarse, tanto na organización docente dos contidos como na actividade reflexiva desenvolvida por cada estudante, que deberá retomar os conceptos e procedementos iniciados no curso anterior e afondar neles. O que a historia da filosofía lle achega ao alumnado é unha construción diacrónica dos principais momentos e autores do pensamento filosófico que servirá, por unha banda, como exemplo de solución a problemas filosóficos e, pola outra, como condicionantes pasados de conceptos e problemas vixentes no día de hoxe.

Hai certos problemas constantes ao longo da historia da filosofía, como a relación entre realidade e aparencia, coñecemento e opinión, o individuo e a sociedade, o problema da liberdade e autorrealización humana, a orixe dos valores morais, a lexitimidade do poder político ou o dominio técnico da natureza. A reflexión filosófica segue abordando eses problemas na actualidade baixo formulacións como o papel dos medios de comunicación na sociedade, o estatuto da realidade virtual, a relación entre mente e cerebro, entre ciencia e interese, a confrontación entre felicidade e xustiza, positivismo, iusnaturalismo, multiculturalismo e interculturalismo, liberalismo e comunitarismo, a desigualdade de xénero, a nova organización do traballo, a bioética, etc. A historia da filosofía fórmulase como un retorno da presentación actual deses problemas, xa anticipados en filosofía e cidadanía, ás formulacións máis relevantes que adquiriron no pasado e que lles serven de punto de partida. Esta materia faille patente ao alumnado, polo tanto, o carácter aberto e progresivo da investigación filosófica.

Os contidos da historia da filosofía están secuenciados en catro grandes etapas históricas: antiga, medieval e renacentista, moderna e contemporánea. En cada unha delas serán abordados unha serie de autores e correntes especialmente significativas seleccionando os temas máis importantes na súa obra de cara a ter unha visión completa da historia da filosofía. A temporalización por períodos obedece á necesidade de contextualizar a cada autor e cada tema nun momento histórico determinado, cuns condicionantes sociais, económicos, políticos e culturais que lle dan sentido e serven de medida da súa relevancia. O coñecemento da filosofía vai, pois, da man do coñecemento da sociedade e da historia. As ideas filosoficamente relevantes non son opinións casuais, senón que aparecen para formular claramente e dar algún tipo de solución aos problemas teóricos e prácticos que se lles presentaron a seres humanos concretos.

Esta contextualización por períodos non vai en detrimento da unidade que percorre toda a historia da filosofía, pois ao tempo que cada autor é interlocutor do seu contexto, realiza tamén un diálogo con outros autores pasados e futuros que se enfrontaron a problemas similares e en relación cos cales manifesta a súa débeda ou a súa crítica. A obra escrita dos distintos filósofos cobra unha importancia fundamental, pois é a fonte para coñecer o seu pensamento e tamén para trazar a liña que relacione uns autores con outros. O traballo con textos cobra, polo tanto, unha grande importancia nesta materia.

A importancia dos textos, con todo, non debe desviarnos da finalidade prioritaria, que non é un coñecemento exhaustivo dalgúns autores, senón un percorrido introdutorio e completo que vaia dos gregos ata os nosos días e que sirva ao alumnado, non só para coñecer formas de pensar presentes na historia polo seu valor intrínseco, senón tamén para avaliar a influencia destas na xestión do noso presente e para exercitar a reflexión crítica. A práctica da análise das opinións



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	De-I-2	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

dos distintos autores en relación co seu contexto e comparándoos uns con outros fornece o alumnado dun sentido crítico que lle permite, non só constatar a historicidade de certas crezas e valores, senón tamén cuestionar ou fundamentar con criterio as crezas e valores presentes na actualidade, tanto no seu contorno próximo coma nos medios de comunicación. A historia da filosofía pretende, deste modo, contribuír ao progreso na comprensión da realidade e na orientación da acción individual e colectiva.

Bloques.-

- O primeiro é de contidos comúns.
- O segundo, Filosofía antiga, pretende ofrecer unha comprensión global da orixe do pensamento filosófico, así como a súa evolución na antiga Grecia. Prestaráselle unha atención especial a Platón e Aristóteles, xa que achegaron gran cantidade de conceptos e formularon moitos dos problemas que serán retomados no pensamento posterior.
- O terceiro, Filosofía medieval e renacentista, detense no estudo do encontro entre a herdanza da filosofía grega e a nova doutrina achegada polo cristianismo, así como dos problemas derivados da necesidade de harmonizalas. Séguese coas achegas do período renacentista, que serven de transición á filosofía moderna: o xurdimento da ciencia tal como é entendida hoxe e a reflexión política centrada no Estado como realidade emerxente.
- O cuarto, Filosofía moderna, toma como tema central deste período o novo concepto de racionalidade que xorde nos séculos XVI e XVII, enfocado na figura do suxeito de coñecemento e de acción autónoma. As correntes filosóficas do racionalismo e do empirismo son tratadas en contraposición, analizando as súas propostas epistemolóxicas e de fundamentación da moral e da convivencia. Finalmente, a figura de Kant como síntese e cumio da filosofía moderna nas súas pretensións teóricas e prácticas
- O quinto, Filosofía contemporánea, trátanse nun principio as propostas dos dous grandes pensadores do século XIX, que fan unha crítica, desde perspectivas diferentes, das achegas do pensamento moderno, para seguidamente achegar unha visión panorámica das correntes do século XX e das súas propostas e intentos de solución para os problemas do presente. Finalmente, realízase unha mención á filosofía realizada en España neste período.

Obxectivos.-

O ensino da historia da filosofía no bacharelato ten como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades no alumnado:

1. Coñecer os períodos da historia da filosofía e os seus representantes fundamentais.
2. Recoñecer as cuestións que ocuparon permanentemente á filosofía ao longo da súa historia e relacionalas con temas traballados en filosofía e cidadanía, utilizando con propiedade os conceptos adquiridos.
3. Comprender a vinculación entre o pensamento dos distintos autores e outras manifestacións da actividade humana do seu contexto histórico: socioeconómicas, políticas, científicas e artísticas.
4. Elaborar exposicións orais e composicións escritas acerca de temas determinados con claridade, corrección, plenitude e autonomía, exercitando na medida do posible unha reflexión persoal.
5. Comentar textos filosóficos analizando con rigor os seus conceptos e teses e comparándoos coa postura defendida noutros textos de diferente autoría acerca dos mesmos temas.



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	<i>De-I-2</i>	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

6. Desenvolver o hábito de ponderar con criterio opinións contrapostas a partir do contraste entre teorías e correntes filosóficas que se sucederon na historia.
7. Constatar a posición de cada representante dunha corrente filosófica sobre a diferenza de xénero e valorala á luz das crenzas e prácticas do seu contexto histórico.
8. Debater temas de actualidade en relación cos contidos da materia, fundamentando racionalmente a propia postura, recoñecendo as achegas doutras persoas e illando os prexuízos infundados.
9. Valorar o coñecemento do pasado como unha achega continua de elementos que contribúen á comprensión do presente e á planificación do porvir.
10. Apreciar a lectura como medio de enriquecemento persoal e desenvolver un hábito inquisitivo e analítico en relación coa información recibida na vida cotiá.

Contidos.-

Contidos comúns.

- Busca de información a partir de fontes diversas e integración desta seguindo criterios temáticos ou metodolóxicos.
- Análise e comentario de textos filosóficos, identificando as súas ideas e relacionándoas coa teoría da persoa autora.
- Presenza das autoras e autores nas diferentes etapas.
- Exposicións orais e composicións escritas acerca do pensamento de distintas autorías, utilizando con propiedade o vocabulario técnico adquirido e incorporando as propias reflexións de xeito fundamentado.
- Participación en debates, expoñendo razoadamente o pensamento propio.

Filosofía Antiga.

- As orixes da filosofía.
 - O paso do mito ao logos.
 - Os primeiros intentos de explicación racional: os presocráticos.
- Sócrates e Platón.
 - A ilustración ateniense: os sofistas e Sócrates.
 - Realidade e coñecemento desde a teoría das ideas.
 - O ser humano e a sociedade.
- Aristóteles.
 - A teoría da natureza.
 - A ética e a política.
- Período Helenístico e as escolas Helenísticas.

Filosofía medieval e renacentista.

- O contacto entre filosofía e relixión cristiá: Santo Agostiño de Hipona e San Tomé de Aquino.
 - A relación entre razón e fe.
 - A lei natural.
- O Humanismo e o Renacemento como tránsito á modernidade.
 - A revolución científica.
 - A xénese do estado moderno

Filosofía moderna.



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	<i>De-I-2</i>	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

- O racionalismo e o empirismo: Descartes, Locke e Hume.
 - Descartes: a evidencia do eu como criterio de certeza e punto de partida dun sistema dedutivo de saber.
 - A teoría do coñecemento empirista fronte ao racionalismo: o fenomenismo e a crítica da idea de causa en Hume.
 - Locke e a teoría do contrato social.
- A Ilustración: o idealismo trascendental de Kant.
 - A crítica da razón como síntese de racionalismo e empirismo.
 - O formalismo moral.

Filosofía contemporánea.

- Marx: a crítica do capitalismo.
 - Crítica ao idealismo e materialismo anterior: o concepto de alienación.
 - O materialismo histórico.
- Nietzsche: a crise da razón ilustrada.
 - A crítica dos valores da cultura occidental: o nihilismo.
 - A vontade de poder e o superhome.
- A filosofía analítica e outras correntes de pensamento do S. XX.
- A filosofía en España.
- O pensamento galego.

Criterios de avaliación.-

1. Ordenar e situar cronoloxicamente os períodos, problemas, autoras e autores que se estudan, identificando as súas características distintivas e establecendo as relacións correspondentes.

Con este criterio pretende avaliarse a capacidade do alumnado para situar historicamente os temas estudados, diferenciando de modo significativo cada período e constatando a influencia duns noutros para ter unha visión completa e unitaria da historia da filosofía e poder desenvolverse axilmente nas problemáticas que a percorren.
2. Relacionar os problemas filosóficos estudados coas principais condicións socioculturais en que aparecen e a que pretenderon dar resposta.

Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para situar as cuestións filosóficas estudadas no seu marco histórico distinguindo o saber filosófico doutras manifestacións culturais que aparecen no mesmo contexto e analizando a relación existente entre as formulacións filosóficas e os problemas e necesidades da sociedade do seu tempo.
3. Expoñer por escrito os aspectos dunha teoría filosófica individual, dunha escola ou período de forma completa, clara e coherente.

Este criterio pretende comprobar o grao de comprensión, de modo significativo, do pensamento dun autor ou período da historia da filosofía, e a capacidade de articular os seus conceptos de forma argumentada, unitaria e non fragmentaria.
4. Analizar textos filosóficos identificando a súa estrutura, teses e argumentos e mais explicando os seus conceptos no marco do pensamento correspondente.

Este criterio trata de avaliar a capacidade de comprensión dos textos filosóficos mediante a identificación do problema que abordan, a explicitación das súas ideas, a explicación dos conceptos e termos específicos utilizados e os argumentos que se empregan para demostrar e xustificar as súas teses.



<i>Departamento</i>	<i>Asunto</i>	De-I-2	<i>Curso</i>
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

5. Comentar criticamente textos filosóficos, identificando os seus supostos implícitos, a consistencia dos seus argumentos e a vixencia das súas achegas na actualidade.

Máis alá da comprensión precisa dun texto, este criterio trata de valorar o desenvolvemento do espírito crítico do alumnado, amosado na capacidade de desvelar os supostos e intereses subxacentes aos textos, comparalos con outros argumentos posibles –especialmente con outros de diferente autoría- e manifestar de forma razoada o seu acordo ou desacordo coas opinións do autor, especialmente no referido a aquelas conceptualizacións de carácter excluínente e discriminatorio, en especial ao androcentrismo.

6. Elaborar pequenos traballos (buscas de información, recensións de lecturas, exposicións orais ou composicións escritas) sobre algún autor ou autora ou algún aspecto transversal a varios autores ou autoras con pautas metodolóxicas establecidas.

Trátase con este criterio de avaliar a capacidade de esforzo do alumnado, así como o seu progreso na auto organización da aprendizaxe, formulando pequenas metas de investigación e percorrendo o camiño para acadalas seguindo pautas establecidas de antemán. Tamén se avalía con este criterio a capacidade de integrar información diversa nunha síntese reflexiva.

7. Participar en debates sobre algún tema filosófico de actualidade relacionado con contidos da materia, realizando escoita activa e exposición razoada e respectuosa.

Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado para asimilar os contidos da materia e relacionalos con problemas de actualidade, de expoñer a súa opinión razoadamente e respectar outras opinións facendo as eventuais críticas a estas de modo fundamentado.

8. Utilizar comprensivamente un vocabulario técnico específico en todas as actividades realizadas.

Con este criterio búscase avaliar o grao de incorporación significativa do vocabulario filosófico introducido en cada período, autoras e autores, e comprobar o nivel de pertinencia, exactitude e rigor no seu uso, tanto oral coma escrito.

Orientacións metodolóxicas.

As orientacións metodolóxicas propostas apuntan á potenciación e consolidación de certas competencias promovidas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polos profesores nesta materia deberán orientarse a:

- Espertar a curiosidade e interese do alumnado polos problemas suscitados noutras etapas históricas mediante a planificación de contextos e estratexias de aprendizaxe que o acheguen ao seu contexto vivencial, establecendo similitudes con problemas actuais.
- Propiciar a autonomía na busca e procesamento da información pertinente para os temas tratados.
- Promover a lectura e análise de textos filosóficos e a elaboración de comentarios sobre eles que inclúan reflexións críticas argumentadas.
- Propoñer a planificación e elaboración, por parte das alumnas e dos alumnos, de composicións escritas e de exposicións orais en relación cos temas tratados onde integren información procedente de distintas fontes.
- Propiciar o traballo en grupo para desenvolver investigacións, debates e outras tarefas en colaboración.
- Formular as diversas actividades con diferente grao de complexidade en función dos



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

recursos cognitivos necesarios para realizalas, coa dobre finalidade de atender á diversidade dentro da aula e permitir unha autoavaliación axeitada e unha motivación progresiva cara a niveis de maior complexidade.

As fichas curriculares da CIUG.

No “Bacharelato LOE 09-10”, propóñenos, dende a Comisión, a seguinte articulación do currículo con vistas á preparación das probas de filosofía. Sérvenos, no departamento para secuenciar os contidos artellados en bloques máis arriba.

A proposta redúcese a 7 FICHAS CURRICULARES. Como cada FICHA CURRICULAR se asocia a unha proba, teríamos, en realidade, 7 posibles probas a combinar consonte ao seguinte esquema (ollo: en cada opción só haberá unha FICHA CURRICULAR:

Tipo de exame	Opción A		Opción B
a	Fichas curriculares 1 e 2	combina <i>alternativamente</i> con...	Fichas curriculares 3, 4, 5, 6 ó 7
b	Fichas curriculares 4 e 5	combina <i>alternativamente</i> con...	Fichas curriculares 1,2,3, 6 ó 7.

Cadro posiblemente revisable cando se reciban novas do coordinador da CIUG nas súas circulares do curso entrante.



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

FICHAS CURRICULARES

1. Filosofía antiga (I)		
Platón	PREGUNTAS	CONTIDOS
<u>Marco histórico e conceptual</u>	1ª A formación da Polis grega.	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Etapas históricas: arcaica, clásica, helenística</i> • <i>Época clásica, características: descrición da polis: sociedade, economía, política, cultura (relixión, arte e filosofía)</i> <ul style="list-style-type: none"> • <i>a democracia ateniense...</i> • <i>A filosofía nese contexto: nacemento, paso do mito ao logos, das colonias á Atenas. Os temas de reflexión en cada etapa...</i> •
	2ª Antecedentes Presocráticos: Heráclito, Parménides e Anaxágoras	<ul style="list-style-type: none"> • <i>O nacemento da filosofía nas colonias: de Asia menor ao Sur de Italia... O paso do mito ao logos: características pensamento racional</i> • <i>Rasgos comúns aos físicos: Arjé, logos...</i> • <i>Panorámica das escolas...</i> • <i>Heráclito: conceptos fundamentais (inflúen en Platón)</i> • <i>Parménides: conceptos fundamentais (inflúen en Platón)</i> • <i>Anaxágoras: conceptos fundamentais (inflúen en Platón)</i> • ...
	3ª Os Sofistas e Sócrates.	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Atenas no S V e IV aC. Rasgos xerais...</i> • <i>Os sofistas: quen son e que papel teñen</i> • <i>Aportación sofista á filosofía: conceptos fundamentais: relativismo, convencionalismo...</i> • <i>O debate con Sócrates: que coñecer? Como educar? Que é o Ben?</i> • <i>Sócrates: conceptos fundamentais (inflúen en Platón, a Definición, a mayéutica, o cognitivismo moral...)</i> • <i>A morte de Socrates e a súa repercusión en Platón...</i> •
<u>Comprensión</u>	1ª A teoría platónica das ideas: mundo sensible e mundo intelixible.	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Concepto de idea</i> • <i>A alegoría da caverna. Interpret. Ontolóxica</i> • <i>O mundo intelixible: desenvolver características e estrutura; a idea de ben; relación co mundo sensible</i> • <i>O mundo sensible: desenvolver características e estrutura; relacións co mundo intelixible; participación...</i> • <i>A realidade dual resultante: A cosmoxía platónica: Teleoloxía, Realización da idea de Ben, Demiurgo...</i> • ...



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

	<p>2ª A teoría platónica das ideas: graos de coñecemento.</p> <p>3ª A concepción política de Platón: antropoloxía platónica.</p> <p>4ª A concepción política de Platón: vinculación da alma á cidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>A alegoría da caverna. Interpret. Epistemolóxica</i> • <i>Coñecer en Platón: anamnesis, reminiscencia...</i> • <i>O simil da liña... relación ser-coñecer, os graos de coñecemento: ciencia-opinión</i> • <i>A dialéctica, a purificación da alma, o pulo erótico...</i> • ... • <i>O mito do carro alado... interpretación</i> • <i>O dualismo antropolóxico: corpo e alma</i> • <i>Pensar a alma: inmortal, metempsícosis, a súa relación co corpo</i> • <i>A alma fronte de acción humana: as partes da alma. O Ben. A virtude asociada a cada unha... A xustiza como harmonía. Dialéctica e purificación da alma.</i> • ... • <i>Dualismo antropolóxico: relación corpo e alma</i> • <i>A alma fonte de acción humana: as partes da alma. O Ben. A virtude asociada a cada unha... A xustiza como harmonía.</i> • <i>A dimensión social do ser humano: o nacemento da cidade (A república...)</i> • <i>A cidade xusta: a alma da cidade. A xustiza</i> • <i>Os sistemas de goberna e as súas dexeneracións...</i>
<p><u>Coñecemento específico</u></p>	<p>Semellanzas e diferenzas entre Platón e outros autores do tratamento que fai de calquera dos grandes temas de debate (O cosmos, a substancia, o coñecer, a alma e a súa relación co corpo, o ben, a xustiza, o goberno...) (Compararase preferentemente con Aristóteles, pero tamén con Sócrates ou Agostiño ou Descartes...)</p>	

1. Filosofía antiga (II)		
Aristóteles	PREGUNTAS	CONTIDOS
<u>Marco histórico e conceptual</u>	1ª Crítica á doutrina platónica.	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Atenas no S IV a. C. Descrición xeral. O papel emerxente de Macedonia...</i> • <i>O percorrido de Aristóteles da Academia ao Liceo: biografía intelectual en relación a Platón</i> • <i>Os presupostos matematico-relixiosos de Platón e os bioloxicistas-materialistas de Aristóteles...</i> • <i>Crítica á teoría das ideas platónica e a súa influencia nos diferentes temas: o ser: Teoría das ideas/Teoría hilemórfica; a cosmoloxía:</i>



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

	<p>2ª O proceso de abstracción fronte ao acceso dialéctico ás ideas de corte platónico.</p> <p>3ª O tránsito cara o mundo helenístico.</p>	<p><i>teleoloxía, a consideración do sensible, o problema do cambio; alma en Platón/ alma en Aristóteles; O ben e as virtudes; Harmonía e purificación / a prudencia o xusto medio, a cidade Platónica e o animal político aristotélico...</i></p> <p>•....</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Atenas no S IV a. C. Descrición xeral. O papel emerxente de Macedonia...</i> • <i>O percorrido de Aristóteles da Academia ao Liceo: biografía intelectual en relación a Platón</i> • <i>Os presupostos matematico-relixiosos de Platón e os bioloxicistas-materialistas de Aristóteles...</i> • <i>O camiño da Filosofía (amor á sabiduría) en Platón: da alma ás ideas a través da dialéctica. Coñecer=captar a idea.</i> • <i>O camiño da Filosofía en Aristóteles: do mundo sensible material á forma dos seres a través do proceso de abstracción levado a cabo na nosa alma (Sentidos-Entendemento axente-entendemeto paciente). Coñecer=captar a forma</i> <p>•...</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Etapas históricas: arcaica, clásica, helenística</i> • <i>Atenas no S IV a. C. Descrición xeral. O papel emerxente de Macedonia... A figura e o proxecto de Alexandre Magno.</i> • <i>O proxecto grego e a filosofía tra-la morte de Aristóteles e de Alexandre: Filosofía helenística.</i> • <i>Estoicismo. Epicureísmo. Escepticismo. Neoplatonismo... (Presentación breve de cada unha</i> <p>•....</p>
Comprensión	<p>1ª Xerarquía de seres e modos de ser.</p> <p>2ª A teoría hylemórfica no seo da physis: a kinesis ou cambio.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>A ciencia do logos = palabra – estudo dos enunciados -; = razón – estudo dos razoamentos -; = ser - estudo das categorías ou significados de ser.</i> • <i>A orde transcendental: predicados intercambiábeis con ser: substancia, unidade, esencia, acto, verdade...</i> • <i>A orde categorial: diferentes modos que temos de pensar, dicir e ser a substancia</i> <p>•...</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>A substancia=a suxeito composto de materia e forma</i> • <i>características da materia... o seu papel no conxunto: materia primeira e materia próxima.</i> • <i>características da forma... o seu papel no conxunto: a substancia segunda.</i>



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

	<p>3ª A teoría hylemórfica no seo da physis: a teoría causal.</p> <p>4ª A teoría hylemórfica no seo da physis: os principios do cambio. O motor inmóbil.</p> <p>5ª A idea de cidadán en Aristóteles: a ética aristotélica: ethos e praxe. O concepto de areté.</p> <p>6ª A idea de cidadán en Aristóteles: a idea de polis e a condición de cidadán.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Seres naturais, artificiais e azarosos</i> • <i>O cambio na natureza: que é o movemento? O paso do ser en potencia ao ser en acto.</i> • <i>Tipos de cambio: cambio accidental e cambio substancial</i> • ... • <i>A substancia=a suxeito composto de materia e forma. O Ser suxeito de cambio..ser en acto e ser en potencia.</i> • <i>Tipos de cambio: cambio accidental e cambio substancial</i> • <i>O que fai comprensible a substancia no proceso de cambio: as causas do cambio.</i> • <i>Intrínseca: material e formal</i> • <i>extrínsecas: eficiente e final</i> • <i>as causas do cambio nun ser natural a diferenza do ser artificial</i> • ... • <i>A substancia=a suxeito composto de materia e forma. O Ser suxeito de cambio..ser en acto e ser en potencia.</i> • <i>Tipos de cambio: cambio accidental e cambio substancial</i> • <i>Por que hai movemento: os principios do cambio:</i> • <i>todo o que se move é movido...</i> • <i>imposibilidade dunha cadea infinita</i> • <i>o primeiro motor e inmóbil</i> • ... • <i>A ética como estudo da finalidade que preside o desenvolvemento do home.</i> • <i>A antropoloxía aristotélica: corpo/alma. A forma do corpo.</i> • <i>Alma vexetativa; sensitiva; racional.</i> • <i>Eudemonismo: o ben é a felicidade</i> • <i>O cumprimento da virtude. Virtudes éticas e virtudes dianoéticas.</i> • ... • <i>o animal político. Ser social por natureza coa capacidade da razón, lo tamén a linguaxe</i> • <i>A felicidade so viable nunha comunidade como a cidade</i> • <i>as formas de goberno e o interese común como fin...</i> • ...
--	--	---



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

<u>Coñecemento específico</u>	Semellanzas e diferenzas entre Aristóteles e outros autores do tratamento que fai de calquera dos grandes temas de debate (O cosmos, a substancia, o coñecer, a alma e a súa relación co corpo, o ben, a xustiza, o goberno...) (Compararase preferentemente con Platón, pero tamén con Sócrates ou Agostiño ou Descartes...)
--------------------------------------	---

3. Filosofía medieval		
Agostiño e Tomé	PREGUNTAS	CONTIDOS
<u>Marco histórico e conceptual</u>	<p>1ª Agostiño de Hipona: Helenismo: Filosofía e cristianismo.</p> <p>2ª Agostiño de Hipona: As novas ideas fronte ao mundo grego.</p> <p>3ª Tomé de Aquino: a noción de Escolástica e o nacemento da universidade.</p> <p>4ª Tomé de Aquino: a recepción de aristóteles. Averroés e o averroísmo</p>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>O proxecto grego e a filosofía tra-la morte de Aristóteles e de Alexandre: Filosofía helenística.</i> • <i>Estoicismo. Epicureísmo. Escepticismo. Neoplatonismo... (Presentación breve de cada unha)</i> • <i>O nacemento do cristianismo como relixión que quere darse a coñecer.</i> • <i>As etapas da filosofía medieval ate S. Agostiño:</i> • <i>Ps. Apostólicos, Ps apoloxistas, Escola de Alexandría, relixión oficial do imperio.</i> • <i>Breve biografía de Agostiño..</i> • <i>....</i> • <i>O nacemento do cristianismo como relixión que quere darse a coñecer.</i> • <i>Grandes temas que o cristianismo formula á filosofía grega: Relixión-filosofía; fé-razón; monoteísmo-moitas divinidades: distinto estatuto do divino; o creacionismo-as cosmoloxías gregas; antropocentrismo-cosmocentrismo; Lei de Deus-leis naturais; A providencia persoal-o goberno do mundo; O pecado orixinal-metempsicosis; o estatuto da fe como coñecemento; o eros grego-o ágape cristián; arevolución cristiá dos valores-o ideal rego de sabiduría; inmortalidade da alma-resurrección; do pensamento ahistórico grego á historia do home como historia de salvación</i> • <i>...</i> • <i>As etapas da filosofía medieval ate S. Agostiño:</i> • <i>Ps. Apostólicos, Ps apoloxistas, Escola de Alexandría, relixión oficial do imperio, Preescolástica, escolástica Temperá, apoxeo da Escolástica, Crise da Escolástica.</i> • <i>Centrarse na escolástica e na súa caracterización. (Ver marco histórico conceptual na aula virtual...)</i> • <i>....</i>



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014


		<ul style="list-style-type: none"> • A teoría de Tomé como unha reelaboración de Aristóteles ao servizo do Cristianismo. • A etapa do apoxeo da Escolástica: o S XIII. • A aportación de Averroes – traductor e comentarista de Aristóteles. • Relacións razón e fe en Averroes. A eternidade do mundo. A inmortalidade. Temas nos que reivindica a Aristóteles fronte á relixión islámica. • O Averroísmo latino: intelectuais cristiáns coas mesmas teses que Averroes pero respecto do Cristianismo. París 1260... en discusión con S. Alberte Magno e con Sto. Tomé.
Comprensión	<p>1ª O problema entre fe e razón en Sto. Agostiño e en S. Tomé.</p> <p>2ª Lei divina, lei natural e lei positiva en S. Tomé.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • A orixe do problema das relacións entre razón e fe e filosofía e teoloxía... • A posición nas distintas etapas: os Pais da Igrexa.. • A proposta de Agostiño: conciliadora. A mesma misión: o esclarecemento dunha única verdade: a revelada. Explicar a natureza da fe e a natureza da razón dende a súa óptica... • Contrato de colaboración entre fe e razón cada cal dende o seu estatuto... 1,2,3 • A dobre verdade averroísmo entra no debate... • A proposta de Tomé: concilia pero dende a diferenza. Explicar a natureza da fe e a natureza da razón dende a súa óptica... Acepta - fronte a S. Agostiño - que a razón pode acadar a verdade por sí soa -. • Contrato de colaboración entre fe e razón: a razón pode axudar á fe: 1,2,3; a fe pode axudar á razón 1,2,3. • A crise da escolástica... e a súa achega ao debate... • ... • A ética e a política en S. Tomé. • O ser humano: razón e vontade. Libre albedrío. • Leis universais que a razón lle dá a coñecer e a lei de Deus revela. • Lei eterna. Lei natural (lei moral). Lei humana ou positiva. • Relacións entre as tres para xustificar unha moral correcta e unha organización social e xurídica aceptable... • ...



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

<u>coñecemento específico</u>	Semellanzas e diferenzas entre Agostiño e Tomé entre si e con outros autores do tratamento que fan de calquera dos grandes temas de debate (o problema razón e fe. A ética e a política) (Compararase preferentemente con Aristóteles, pero tamén con Averroes ou Guillerme de Ockham..)

4. Filosofía moderna (I)		
Descartes, Locke e Hume	PREGUNTAS	CONTIDOS
<u>Marco histórico e conceptual</u>	<p>1ª Renacemento e Reforma.-</p> <p>2ª A vinculación do empirismo e o racionalismo coa revolución científica.-</p>	<ul style="list-style-type: none"> •Os séculos XIV, XV e XVI en Europa •Os conceptos de Humanismo e Renacemento. Relacións mútuas •O renacemento e os problemas relixiosos (presentes nos debates humanistas) •Erasmus de Rotterdam: concepto humanista da filosofía cristiá... • Lutero: a renovación relixiosa ate as súas últimas consecuencias as repercusións importantes na Europa do XVI. •Grandes reivindicacións da reforma Protestante Luterana: o papel da fe fronte ás obras; infalibilidade das escrituras; sacerdocio universal... •Calvino: a Reforma de Xenebra. "Se Deus está connosco..." •O fin da hexemonía da Igrexa Católica, as guerras de relixión... A razón política por enriba da relixión... •.... • Os S. XIV e XV e o cambio de Paradigma (que é un Paradigma e que unha revolución) •Paradigma aristotélico, paradigma máxico-animista e paradigma mecanicista... O proceso • A Ciencia moderna e a construción do paradigma mecanicista: as diferentes aportacións de Leonardo, Copérnico, Kepler e Galileo no que respecta á imaxe do mundo, formulación do método, o papel das matemáticas, o papel da experiencia e a observación... •O empirismo e o racionalismo: características xerais. Semellanzas e diferenzas. Como recolleron nas súas teorías as achegas dos científicos modernos... •...



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

<u>Comprensión</u>		
	<p>1ª O problema do método en Descartes.</p> <p>2ª A idea de Substancia en Descartes.</p> <p>3ª O problema da veracidade Divina.-</p> <p>4ª Fenomenismo e causalidade en</p>	<ul style="list-style-type: none"> • O S XVII e a irrupción da modernidade: o individuo, a pregunta polo coñecemento dende a liberdade e a cautela. • A aportación do racionalismo • A aportación de Descartes: brevísima biografía intelectual... • A procura da verdade e da certeza • O proceso da dúbida metódica • A hipótese hiperbólica do xenio maligno. • O Eu • O criterio de certeza • as regras do método. Intuición, dedución. • A necesidade da existencia de deus para superar o solipsismo cartesiano... • ... • Que coñecemos do real cando o pensamos conforme ao método?... O acceso do suxeito á realidade: orixe do tema da substancia. • Definición de substancia: Deus no sentido estrito as criaturas por analoxía • Aplicación do método intuitivo dedutivo ao estudo do que existe por si mesmo... • O ser perfección infinita en acto: substancia infinita. • O ser que ocupa un lugar no espazo: substancia extensa. Consecuencias: o mecanicismo cartesiano... • O ser que pensa: substancia pensante. Consecuencias: o innatismo, relación alma-corpo • Conclusión: se coñecemos conforme ao método, teremos unha imaxe do mundo que se corresponde coa realidade... Sempre que superemos a hipótese do Xenio Maligno. • ... • Recordar a hipótese hiperbólica do xenio maligno. A necesidade da existencia de deus para superar o solipsismo cartesiano... se coñecemos conforme ao método, teremos unha imaxe do mundo que se corresponde coa realidade... Sempre que superemos a hipótese do Xenio Maligno. • Como demostrar a existencia de Deus??? • A idea de perfección infinita en acto... • Procedencia desa idea? • Análise das ideas segundo a súa orixe.. Que causa as nosas ideas' Clasificación: adventicias, ficticias e innatas... • Argumentar que a idea de Deus so pode proceder de Deus... • Deus existe e é bo... Resolvemos os problemas cos que empezamos... • ...



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

	<p>Hume.</p> <p>5ª A idea de “estado de natureza” como fundamento ideolóxico do novo estado burgués: a teoría do contrato social en Locke.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Recordar características xerais do empirismo..</i> • <i>Substancia e Causalidade necesaria son conceptos imprescindibles na modernidade que segundo Hume nacen das leis psicolóxicas de asociación de impresións. Son válidas porque así o esixen as necesidades da praxe...</i> • <i>O suxeito constrúe a experiencia: fenomenismo</i> • <i>Que é a experiencia?. Locke, Berkeley e Hume</i> • <i>Elementos do coñecemento humano: Conciencia, percepcións: impresións e ideas, procedementos da conciencia para organizar as percepcións...</i> • <i>De onde ven a idea de causalidade necesaria.</i> • <i>De onde ven a idea de substancia...?</i> • <i>Son válidas porque nos axudan a vivir... a Praxe...</i> • <i>A modernidade: a razón ao servizo do individuo para abordar as cuestións prácticas: moral e política...</i> • <i>Teorías clásicas do contrato social S XVII e XVIII. Hobbes, Loke e Rousseau...</i> • <i>Esquema tipo de toda teoría do contrato social: Estado de Natureza, Contrato, Modelo de estado resultante...</i> • <i>O Estado de Natureza: a cuestión determinante.</i> • <i>Locke breve biografía intelectual: a elaboración teórica do constitucionalismo liberal. Revolución de 1688.</i> • <i>Os dereitos naturais... Presentes no estado de bnatureza nunha paz social precaria...</i> • <i>Renuncias a parte dos dereitos</i> • <i>Estado liberal: árbitro...</i> • <i>División de poderes...</i> • <i>Tolerancia no que respecta á relixión...</i> • ...
<p><u>coñecemento específico</u></p>	<p>Semellanzas e diferenzas entre Descartes, Hume e Locke entre si e con outros autores do tratamento que fan de calquera dos grandes temas de debate (O coñecemento, o método, a substancia e a causalidade, a antropoloxía e a política)</p>	

5. Filosofía moderna (II)		
KANT	PREGUNTAS	CONTIDOS
<u>Marco histórico e conceptual</u>	1ª Factores políticos, sociais e culturais que no S XVIII conducen á Ilustración.	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Proceso longo: Raíces: euforia renacentista, racionalismo e empirismo.</i> • <i>Trazo definitorio: confianza total nas</i>



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

	<p>2ª As novas ideas: progreso, educación ou iluminación, humanidade, civilización, natureza...</p>	<p>capacidades humanas. A metáfora da luz fronte ás tebras da ignorancia.</p> <ul style="list-style-type: none"> •O papel da burguesía como clase social emerxente: revolución industrial inglesa, Independencia dos Estados Unidos de América, Liberalismo político, Proclamación dos Dereitos Humanos... •O camiño inglés: a revolución de 1689. (Enlightenment) Locke, Newton e logo Hume. •O camiño francés: (Siècle des lumières) que culmina na Revolución de 1789.Do absolutismo radical de Luis XIV e os seus abusos cara o Terceiro Estado (Burgueses, artesáns e labregos) ate a convocatoria dos Estados Xerais e a toma da Bastilla... Enciclopedistas e ilustrados... •Os rezagados: Alemania (Aufklärung) , España e Italia (Baixo a influenza férrea da contrarreforma) •.... •Breve contexto máis... •Confianza no poder da razón.Capaz de resolver os problemas do ser humano e liberalo dos prexuízos, ignorancia... •Confianza no progreso humano: da providencia medieval ao progreso ilustrado (Condorcet: perfeccionamento das nosas facultades físicas, intelectuais e morais e a mellora indefinida e sen volta atrás das condicións da vida humana.) Este progreso afianzarase a partir dunha razón científica sólida e progresando... Algunhas voces críticas como Rousseau.. •A educación como ferramenta imprescindible do progreso: da ignorancia á realización plena. O home "ilustrado" pola educación acadará a autonomía e a liberdade.O programa da enciclopedia de D'Alembert e Diderot. A educación como dereito do home de Helvetius, a loita contra o fanatismo e a intolerancia de Voltaire, ou o programa de Rousseau da educación por un mesmo... •A natureza, que tan proxima presentou Newton parecía alcanzable, comprensible e sometida a unhas leis racionais accesibles á razón. Leis que tamén rexían a vida dos seres humanos e que incluso colocaba a Deus no seu lugar - Deismos - •O ser humano como centro. Volta ao espírito do Renacemento.A declaración dos dereitos do home. O humanismo ilustrado. •Civilización: a humanidade como lugar de realización do ser humano. Sentido ético e de proxecto político: nos obriga a unha
--	--	---



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

	<p>3ª O formalismo moral.</p>	<p><i>percepcións sensíbeis - senón dende as estruturas do propio suxeito.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Como é posible a ciencia? É posible a metafísica como ciencia? Como son posibles os xuízos sintéticos a priori?</i> • <i>Breve introdución ao idealismo transcendental kantiano. Que empregamos do mundo da experiencia? Que pon o suxeito de seu? Condicións de posibilidade do coñecemento.</i> • • <i>A razón no seu uso práctico... que debo facer? Do ser ao deber ser; dos xuízos (da razón teórica) aos imperativos (da razón práctica)</i> • <i>imperativos hipotéticos e imperativos categóricos. A crítica Kantiana ás chamadas éticas materiais fronte á súa proposta formal.</i> • <i>O imperativo categórico (o deber polo deber): postulados da razón práctica, principios fundamentais do imperativo categórico e as súas distintas formulacións.</i> • <i>Por que a ética de Kant é unha ética formal.</i>
C Específico		

6. filosofía contemporánea (I)		
marx	<i>Curriculo</i>	Desenvolvemento curricular
<p>Interpretación: <i>Marco histórico e conceptual</i> Ponderación: 3</p>	<ul style="list-style-type: none"> • As influencias do socialismo utópico, da esquerda hegeliana e da Economía política. • Revolución industrial e movemento obreiro. • O nacemento das ciencias sociais. 	
<p>Comprensión Ponderación: 4</p>	<ul style="list-style-type: none"> • O concepto de alienación. • A análise da mercancía e o concepto de plusvalía. • O materialismo histórico. 	
<p>Coñecemento específico Ponderación: 3</p>	<p><i>“poñer en relación a temática do texto con outros puntos da temática do curso”</i>)</p>	



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

7. filosofía contemporánea (II)		
nietzsche	Curriculo	Desenvolvemento curricular
Interpretación: <i>Marco histórico e conceptual</i> Ponderación: 3	<ul style="list-style-type: none"> • Un novo marco científico: evolucionismo e positivismo. • A herdanza da Ilustración. 	
Comprensión Ponderación: 4	<ul style="list-style-type: none"> • O método xenealóxico. • Crítica da cultura occidental: O nihilismo. • A vontade de poder e o Superhome. 	
Coñecemento específico Ponderación: 3	<i>“poñer en relación a temática do texto con outros puntos da temática do curso”</i>)	

IV. METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS. AVALIACIÓN.

Valorarase o grao de consecución dos obxectivos expostos ao principio, e dos contidos relacionados con estes obxectivos, sempre segundo os criterios de avaliación antes expostos.

Propoñeranse sistemas abertos e flexibles para unha avaliación continúa, centrados nas actividades de autoavaliación e dirixidos fundamentalmente ó traballo persoal e á participación na dinámica do grupo.

Ademais das destrezas básicas: redacción, ortografía, citas e referencias bibliográficas, lectura e comentario dos textos, coidado na presentación... Será obxecto de avaliación o grao de incorporación e asimilación de conceptos, instrumentos e espazos de reflexión na súa aplicación á análise de problemas concretos. Así mesmo, será obxecto de avaliación a actitude do alumnado no desenvolvemento da actividade académica, o seu grao de participación e colaboración na creación dun ambiente de tolerancia e respecto, así como o seu grao de preocupación polos problemas políticos e sociais tratados na aula.

Dado o curso iniciado na “Aula Virtual” do noso centro os traballos feitos “en liña” ou que é preciso “subir” á web, así como as probas, cuestionarios e demais actividades da “Aula Virtual” serán obxecto de avaliación e a consecuente cualificación. As porcentaxes repartiranse coas correspondentes a actividades de similar natureza en soporte de papel:

As cualificacións de cada avaliación resultarán de:

- *Probas escritas segundo o modelo da proba proposta para o exame de selectividade. Farán unha proba na casa a través das ferramentas da aula virtual (40%) e outra na aula de semellantes características (60%) do 75% da cualificación global.*
- *Preparación de presentacións orais na clase co obxecto de explicar conceptos concretos dos sistemas dos autores ou elaboración con ese fin para subir á aula virtual 15% da*



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

cualificación global

- *Participación nos debates sobre problemas e sistemas dos filósofos estudados. 10% da cualificación.*
- *No caso de vir a examinarse na **convocatoria extraordinaria de setembro...** o exame será o que conte o **100 %** da nota.*

Nas sesións **semanais de clase** presentaremos e comezaremos a desenvolver cada tema. Normalmente é o momento para familiarizarse cos asuntos e aprender a **formular as grandes cuestións**. Abriremos o camiño. Logo, mediante **actividades**, avanzaremos no noso preguntar e practicaremos aquelas **destrezas necesarias para construír discurso filosófico** – expresándose correctamente, argumentando coherentemente e sendo orixinal -. Tamén será o momento de **comprender, estruturar e aprender a construír os conceptos necesarios** para poder falar do mundo e das reflexións que dende a filosofía se fai sobre el. Lugar fundamental neste nivel terá o **traballo con textos** de autores especializados.

Un curso normal farase semana a semana participando na clase, traballando na casa a través da realización das diferentes actividades propostas e superando as probas memorísticas que faremos ó rematar cada asunto ou tema.

En conclusións: para traballar dese xeito deberemos **coller destreza nas seguintes actividades: lectura e comprensión de textos, formulación de problemas mediante preguntas, redacción de argumentacións ben construídas, argumentar correctamente...**

Pretendemos que autonomamente saibades dar forma a un discurso filosófico.

CONTIDOS E COMPETENCIAS BÁSICAS MÍNIMAS ESIXIBLES.

Contando xa coas directrices novas establecidas pola CIUG para este curso:

“ *A combinatoria entre as dúas opcións de exame queda establecida así:*

Opción A: Fichas Curriculares 1,2, 4 e 5

Opción B: Fichas Curriculares 1,2,3,4,5,6,7.”

Os **contidos** mínimos serán o conxunto de fichas curriculares mínimas para poder abordar a proba de selectividade con éxito, por exemplo (1,2,4 e 5). Agora ben, sen renunciar ao obxectivo de enfrontar as sete fichas, decidiremos os mínimos considerando outros criterios, ademais do exposto, como preferencias do grupo de alumnos, actualidade dos asuntos abordados, grao de dificultade...

Respecto das **competencias mínimas** nesta materia fan referencia a aquelas capacidades necesarias para elaborar unha composición filosófica feita a partir dun texto filosófico.

“solicitarase do alumnado que realice unha redacción, composición ou exposición única a partir dun ou varios documentos de carácter filosófico”

Posiblemente estean satisfactoriamente recollidas nos criterios de avaliación da proba de selectividade propostos pola Comisión...

“Contextualización xeral e cuestión específica de contextualización:

Trátase de avaliar a comprensión epocal do/da alumno/a. (Isto non inclúe a mera mención de anécdotas).

- *Os 1,5 puntos de nota máxima atribuídos á “contextualización xeral” corresponderían ao hipotético –ben que improbable– caso dun/dunha alumno/a que non contestando propiamente á cuestión específica de contextualización que se lle formula amose*



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

coñecementos consistentes sobre a época na que se sitúa o autor.

- *A correcta resposta á cuestión específica de contextualización que se lle formula comportará inevitablemente coñecementos proporcionados de “contextualización xeral”.*

Logo esa comprensión epocal do alumno será un mínimo imprescindible que deberemos considerar ao longo das nosas avaliacións este curso.

“Por “contexto” non entendemos un conxunto de coñecementos que deba ser agregado á exposición doutrinal da filosofía de tal ou cal autor, senón aqueles aspectos esenciais para a comprensión da Historia da Filosofía que non son redutibles ao pensamento de tal o cal autor. O contexto do que estamos a falar non é unha cuestión engadida, senón que apunta directamente a aspectos esenciais e imprescindibles para a comprensión dos problemas que indica o currículo”

Trátase de avaliar os **coñecementos sobre o autor** centrándose na cuestión temática formulada e, en relación con esta, a comprensión do texto. Coñecementos claramente seleccionados e limitados nas fichas curriculares, nos apartados correspondentes.

“Sinalar as propostas, teses, problemas... fundamentais do texto, liñas principais do pensamento do autor, relacionar o contido do texto coas ideas principais do autor. Capacidade do alumno ou alumna para realizar unha redacción clara, coherente e con rigor conceptual”

*“Relación do pensamento do autor e a problemática do texto co marco histórico e intelectual da época
Capacidade do alumno ou alumna para realizar unha redacción clara, coherente e con rigor conceptual”*

Cuestión transversal e Comentario persoal: trátase de avaliar a capacidade do/da alumno/a para situar a cuestión temática no horizonte global da historia da filosofía.

“A cuestión relacional debe ser avaliada. Hai que contar coa posibilidade de que un/unha alumno/a poida introducir algún atinado comentario persoal que poña en evidencia a súa comprensión. Os comentarios persoais que a/a alumno/a poida eventualmente facer se son pertinentes e atinados poden ser avaliados tamén. Isto é: no hipotético –ben que improbable– caso dun/dunha alumno/a que non sendo capaz de establecer unha relación nos termos nos que se lle require, introduce comentarios pertinentes e atinados.”

Todas estas cualificacións presupoñen que estamos diante dunha **composición unitaria, sintáctica e retoricamente ben estruturada**, escrita con pulcritude, respectando escrupulosamente a normativa ortográfica que corresponda, usando o léxico adecuado e poñendo en evidencia unha boa comprensión dos conceptos concernidos.

Os defectos en todos estes aspectos poden ser penalizados :

- *Entre os “defectos de composición” débese penalizar o recurso abusivo a esquemas e cadros que claramente pretendan substituír a exposición verbal, respectando, claro está, aqueles esquemas ou cadros que, sen eludir a redacción, estean oportunamente introducidos como complementos desta.*
- *O carácter unitario da exposición non se desprende da mera ausencia de compartimentación, senón que se refire á efectiva estruturación unitaria. En todo caso, a mera fragmentación do exame deberá ser penalizada.*
- *No tocante á corrección ortográfica e gramatical debemos ser tolerantes cos erros eventuais*



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

atribuíbles ás circunstancias propias dun exame. Tamén podemos interpretar con benevolencia erros particulares e reiterativos (incorreccións ortográficas limitadas en tal ou cal vocábulo, construción defectuosa de tal ou cal estrutura gramatical). Temos, iso si, que prestar atención ao teor xeral do exercicio, sobre todo á combinación de reiteración e diversidade nas incorreccións ortográficas, revelando grave descoñecemento e/ou desidia, así como a incapacidade para manter un nivel xeral de corrección gramatical. Penalizarase con contundencia aqueles exames nos que predomine o anacoluto. (Inconsistencias, incongruencias...)

- No que atinxe ao uso do léxico e mais á comprensión conceptual debemos de ser rigorosos con aqueles termos e conceptos que resulten esenciais para a comprensión do texto e das cuestións formuladas, así como para a correcta elaboración das respostas. Debemos penalizar os defectos expresivos que denoten carencias discursivas graves dentro do nivel esixible para unha persoa que aspire a acceder á universidade (que é do que se trata).

6.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

Considerando este aspecto fundamental na nova concepción do proceso de ensino-aprendizaxe, desde este Departamento intentarase ser flexible na metodoloxía por medio da realización de actividades adaptadas ás capacidades e necesidades dos alumnos/as, así como a adecuación do material didáctico cando sexa oportuno. Así mesmo, axustarase a temporalización á evolución dos grupos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Instrumentos concretos e medidas complementarias de atención á diversidade **nas materias de Secundaria** (non excluídos nas de Bacharelato) son:

- Variedade metodolóxica.
- Variedade de actividades de reforzo e afondamento.
- Multiplicidade de procedementos de avaliación da aprendizaxe.
- Diversidade de mecanismos de recuperación.
- Revisión trimestral por parte dos alumnos do desenvolvemento da programación.
- Traballo en pequenos grupos.
- Traballos voluntarios.

Estes instrumentos poden ser completados con algunhas outras medidas que permitan unha atención á diversidade axeitada, como poderían ser:

- Facer unha detallada avaliación inicial.
- Favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe no aula.
- Insistir nos reforzos positivos para mellorar a autoestima.
- Aproveitar as actividades fóra do aula para lograr unha boa cohesión e integración do grupo.

No **Bacharelato**, a atención á diversidade non ten a mesma consideración que nas etapas educativas obrigatorias, xa que nestas a súa finalidade é asegurar a educación a todos os alumnos. En cambio, a intención nestes cursos o a de permitir unha formación integral e específica, acorde coa especialización do alumnado. A atención á posible diversidade do alumnado debe ser abordada desde dous aspectos:

A nivel de grupo: A mesma natureza do Bacharelato, na súa optatividade determina unha multiplicidade de itinerarios que o alumnado pode seguir. Isto, por unha banda, produce unha diversidade de coñecementos e materias dentro do mesmo grupo. O profesor adaptará os contidos do temario para adecualos á formación propia do grupo (modalidade de bacharelato e optativas de cada subgrupo).

A nivel individual: A atención á diversidade realízase dentro da aula, último ámbito de concreción do currículo. Así, en cada caso concreto, atendendo ás carencias e habilidades concretas, os intereses e coñecementos previos do alumnado, o profesor deberá plasmar estratexias concretas a través das



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

actividades de aula:

- *Actividades de captación de ideas previas, a realizar periodicamente e ao comezo de cada unidade didáctica (exposición oral de ideas, debates, disertacións sobre un tema, etc.).*
- *Actividades de ampliación, para os alumnos que as precisen ou desexen profundar nalgún dos temas tratados no aula (recomendación de lecturas, comentario de textos, exercicios).*
- *Actividades de reforzo, que o alumno proporcionará en cada momento ao alumno concreto (exercicios de comprensión, de menor dificultade ou de temas máis amenos ou cotiáns).*
- *Actividades para mellorar os procedementos, que leven consigo unha mellor asimilación dos contidos (esquemas, resumos, redacción, mapas conceptuais), que se lle proporcionarán ao alumno concreto.*

7.- PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.

Serán materias obxecto deste apartado a Educación para a cidadanía de 2º de ESO e a Filosofía e cidadanía de 1º de Bacharelato.

• EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA 2º ESO.-

Tras un estudio previo das capacidades de cada alumno aplicarase un plan de mellora e traballo personalizada para cada alumno.

Contidos esixibles

Os mesmos das programación xeral pero adaptados segundo esa avaliación inicial da que se fala no apartado anterior. Referencia importante tamén será a memoria do departamento referida ao curso anterior... para concretar aquelas unidades esixibles ao alumnado.

Procedementos de avaliación.

Entendemos que o que debemos avaliar vai en dúas direccións distintas; por unha banda, o grao de aceptación e interese do tema tratado por parte do alumnado; e por outra, as aptitudes acadadas ao longo do proceso. Para iso optamos por unha avaliación de tipo formativo dentro do proceso.

A participación na clase, a elaboración dos cuestionarios por escrito, as exposicións orais e a resposta ás preguntas a partir da lectura dos textos, serán os criterios básicos para dita avaliación.

Ademais realizarase ao menos un exame para cada avaliación. O motivo central do exercicio será un comentario dun texto onde o alumnado deberá expresar a súa madurez intelectual nos temas traballados. Valorarase o seu esforzo por aplicar os coñecementos adquiridos na contextualización das ideas máis importantes do texto. Propoñeranse un determinado número de preguntas, seleccionadas de tal xeito que o alumnado poida respondelas no tempo de duración da clase.

Para a cualificación das probas seguirase un criterio global. Terase en conta a información, precisión e rigor na exposición, a coherencia e o nivel de profundidade acadado.

• FILOSOFÍA E CIDADANÍA 1º BAC.

***Avaliación inicial** dos alumnos, e adaptacións dos contidos segundo os mínimos sinalados ao traballo dos alumnos pendentes ao longo do curso. Entendemos que o que debemos avaliar vai en dúas direccións distintas; por unha banda, o grao de aceptación e interese do tema tratado por parte do alumnado; e por outra, as aptitudes acadadas ao longo do proceso. Para iso optamos por unha avaliación de tipo formativo dentro do proceso. A participación na clase, a elaboración dos cuestionarios por escrito, as exposicións orais e a resposta ás preguntas a partir da lectura dos textos,*



Departamento	Asunto	De-I-2	Curso
FILOSOFÍA	PROGRAMACIÓN MÍNIMOS MATERIAS		2013-2014

serán os criterios básicos para dita avaliación.

*Ademais realizarase polo menos un **exame para cada avaliación**. O motivo central do exercicio será unha composición filosófica sobre un tema dos mínimos onde o alumnado deberá expresar a súa madurez intelectual nos temas traballados. Valorarase o seu esforzo por aplicar os coñecementos adquiridos na argumentación.*

Para a cualificación das probas seguirase un criterio global. Terase en conta a información, precisión e rigor na exposición, a coherencia e o nivel de profundidade acadado.

Plan de traballo.

Avaliación previa e individualizada de cada alumno. Plan de traballo e calendario de exames específico para cada alumno. Seguimento e adaptación ao seu proceso de ensino aprendizaxe.

Contidos esixibles

Os mesmos das programación xeral pero adaptados segundo esa avaliación inicial da que se fala no apartado anterior.

Criterios avaliación

Recoñecer problemas filosóficos e relacionalos cos principais sistemas filosóficos que os desenvolveron.

Comentar textos filosóficos significativos, tanto desde o punto de vista comprensivo como crítico, identificando o seu contido temático.

Realizar traballos monográficos sobre algún problema filosófico, utilizando información procedente de diversas fontes, tanto de forma individual como en grupo.

Argumentar de forma oral e escrita, razoando os propios puntos de vista, sobre cuestións de interese persoal extraídas das tratadas nos distintos núcleos temáticos.

Adoptar unha actitude razoada e crítica ante as cuestións das que se ocupan as cosmovisións e a metafísica.

Coñecer e valorar as distintas interpretacións científicas e filosóficas sobre a especificidade do ser humano.

Coñecer e analizar a natureza das accións humanas en tanto que libres, responsables, normativas e transformadoras.

Recoñecer e explicar as características da vida en sociedade, da organización social e das distintas formas de goberno.

Coñecer e xustificar a necesidade de que a razón humana se utilice para construír unha sociedade máis xusta, democrática e solidaria.

Aplica-los coñecementos adquiridos á análise de informacións e ás situacións propias do mundo contemporáneo, en relación ó respecto polos dereitos humanos, á guerra e á paz, ás formas de goberno, ás desigualdades sociais, ás relacións do ser humano co seu medio, ás novas tecnoloxías, etc.

Perillo, Oleiros a 30 de Setembro de 2013

Asdo.

Asdo.

José López Couce

Fernando Vidal Meijón